





# I CERTAME DE RELATO CURTO





## LIMIAR

Todo relato literario é unha mentira. Vidas de ficción, historias que nunca ocorreron, personaxes que non existiron nin existirán endexamais. Na realidade certa destas afirmacións reafírmanse teimudamente moitas persoas que, segundo confesan, non queren perder o seu tempo lendo feitos que non son reais. Fronte delas, quen botamos horas e horas lendo novelas e relatos temos unha conciencia moi diferente. Poseemos o absoluto convencemento de que o noso tempo é moito máis proveitoso lendo esa clase de libros ca se non os lésemos. É unha convicción tan profunda e arraigada en nós que estamos seguros de non ser os mesmos sen os libros que lemos. Porque sabemos que as historias unicamente non ocorren e os personaxes non existen mentres non están escritos.

En canto toman a forma as palabras, así que unha frase detrás doutra vai configurando o seu mundo e a súa historia, o seu carácter e a súa dimensión, as historias empezan a ser certas. Os personaxes das novelas, dos relatos, contándonos as súas vidas de ficción achégannos unha experiencia que na limitación do noso tempo e das nosas vivencias persoais nós nunca poderíamos acadar doutra maneira. Sen riscos, sen consecuencias negativas, ao mínimo custo do prezo que ten un libro, lendo novelas e relatos a nosa mente extrae todo o zume da vida. A existencia dos personaxes non é mentira. Os nosos ollos cando avanzan rapidamente polas liñas, páxina a páxina, guían o pensamento a través do camiño certo das historias que nos arrastran na procura da súa verdade máis íntima. O instinto máis certo da nosa mente dínos que aquilo que estamos lendo nunha novela, nun relato, é verdade. Unha verdade que nos atinxe, porque sempre hai personaxes nas novelas e nos relatos que perduran no noso recordo a través do tempo. Pasan os anos e na nosa lembranza permanecen determinadas historias e personaxes que nos fixeron máis feliz a vida nun momento, nunha idade que sen esas lecturas non sería a mesma.

A Federación Provincial de ANPA de Pontevedra (FANPA), organizou este I Certame de relato curto, do cal, entre o mar infinito das historias de ficción, nace a serie de relatos que compoñen o presente volume. En galego, coma calquera outra lingua, as historias de ficción son verdade. Os relatos gañadores deste certame nas súas distintas categorías, **A histeria de Alberte**, en primaria; **Recordos**, en secundaria; **Seica**, en bacharelato; **Vivencias**, en adultos; xunto co resto das narracións que configuran este libro, contribúen tamén a esa realidade.

Xosé Monteagudo



## PREÁMBULO

Escribir é unha potente ferramenta de creación e aprendizaxe de coñecementos novos. Por outra banda, permite a interacción cos demais en circunstancias novas, en diferentes lugares e tempos. Con todo, a función máis rica é a estética ou lúdica unida a unha dimensión pracenteira ou de diversión.

Esta función é a que pretende fomentar o *I Certame de relato curto* entre o alumnado e as familias, onde a creatividade cobra unha especial relevancia nunha contorna allea á escolar. Trátase de crear un espazo común e familiar para a creación literaria, que axude, tamén, a potenciar a expresión escrita, na lingua dos galegos e galegas, dunha forma natural.

O *I Certame de relato curto* pretende, tamén, facilitar as posibilidades de publicación de novos creadores/as e apoiar os escritores/as noveis e afeccionados/as da nosa comunidade escolar. Agradecemoslle a cada un dos participantes a súa valiosa achega.

A FANPA agradece a imprescindible colaboración da Concellaría de Normalización do Concello de Pontevedra e do Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra, nos premios e na publicación respectivamente.

O noso recoñecemento, tamén, ao xurado, formado por Adolfo Caamaño, Francisco Freire e Xosé Monteagudo pola súa importante colaboración na escolla obxectiva e rigorosa dos gañadores e finalistas.

Todos eles, participantes, institucións e xurado fixeron posible dar vida a este proxecto, á publicación deste libro colectivo e a sermos un pouco máis ricos, porque como di un proverbio africano: *O que sabe escribir, nunca é pobre.*

Federación Provincial e Local de ANPA de Pontevedra





# **CATEGORÍA DE PRIMARIA**



***A histeria de Alberte***

Tocou o timbre!!! Así remataba o simulacro de incendios.

Con orde e dirixidos polas nosas mestras volvemos entrar no colexio. Unha vez alí a directora Uxía dirixiuse a todos nós para felicitaros polo ben que saíra todo e para que volveramos cada un cara as nosas aulas.

Unha vez nela, a mestra deuse de conta de que un asento estaba baleiro, inqueda preguntounos se alguén vira a Alberte. Mirámonos uns a outros sorprendidos e Carmela dirixiuse á mestra para preguntarlle quen era Alberte.

A mestra contestoulle que non era tempo para chanzas, pero todos nós dixémoslle que ninguén coñecía a ese tal Alberte. A mestra saíu disparada pola porta e por non mirar case se leva por diante o bedel, a quen lle preguntou se quedara fóra ou no patio algún neno. O bedel, mirándoa estrañado, díxolle que todo o alumnado estaba nas súas clases, Ela colléndoo polo pescozo berroulle que lle faltaba Alberte.

Baixaron ambos os dous ao despacho da directora, o bedel abraiado e a mesma mestra trastornada. A directora tratou de acougala e facerlle ver que eran imaxinacións súas, que fose á súa aula, recollese as súas cosas e que se tomase o día libre para descansar. Ela, aínda alterada, subiu á aula e cando abriu a porta a clase estaba totalmente baleira. Comezou a correr por todo o colexio e non atopaba a ninguén, non había ningunha alma.

De novo oíu tocar o timbre e empapada en suor espertou.

### *Viaxe a Europa*

Haruky era un neno que vivía en África. No seu poboado non tiñan billas de onde sae a auga que utilizamos nós, alí teñen que ir a busca moi lonxe.

Un día os seus pais dixeron:

–Non o soportamos máis, non podemos seguir indo a buscar a auga tan lonxe, temos que marchar a outro país onde haxa billas por onde sae a auga. Iremos a Europa.

Viaxaron durante moitos días ata chegar a Marrocos. Cando ían embarcar un policía cortoulles o paso:

–Non poden embarcar se non teñen ningún traballo en Europa –dixo o policía.

–Pero non temos diñeiro para volver ao noso poboado –contestou o pai.

–Síntoo moito pero non poden embarcar –repetiu o policía.

Pasaron días e días, pero por moito que o intentaron non conseguían embarcar a Europa. De repente o pai de Haruky dixo.

–Isto non pode seguir así temos que embarcar a Europa.

–É verdade, temos que subir ao barco a escondidas –dixo a nai.

–Pero iso está prohibido! –exclamou Haruky.

–Non nos queda outro remedio, seguro que non podemos pasar doutro modo –contestou o pai.

–Tes razón, temos que embarcar a escondidas –dixo Haruky.

E esta historia acabou así Haruky e os seus pais conseguiron chegar a Europa e todos foron felices para sempre.

*A árbore con patas*

Había unha vez unha árbore moi fermosa que vivía nun parque moi sucio. Un día deuse conta de que alí non podía vivir. Entón decidiu marchar deica o prado.

Polo camiño oíu un son que viña dun niño, mirou as súas polas e viu un paxariño que dicía:

–Dáme algo de comer, por favor.

E a árbore, así o fixo. Os dous, xa amigos, continuaron o camiño xuntos. Sete minutos despois atoparon unha bolboreta moi fermosa enleada nunha arañeira. E o paxaro, con moito coidado, coa súa á liberouna e os tres, xa amigos, continuaron o camiño xuntos. Camiñaron tanto que chegaron ao río. Pero o río estaba demasiado fondo e nin sequera a árbore conseguiu cruzalo. Entón a bolboreta tivo unha idea. O paxaro suxeitaríaa por unha póla e a bolboreta por outra. Ao rematar o río descubriron unha formiga case a afogar. A bolboreta salvouna. E a formiga preguntou:

–A onde ides?

–A buscar casa –respondeu.

–Pois vinde comigo –Dixo a formiga sinalando unha carballeira.

E os catro quedaron a vivir xuntos. Naquela carballeira había follas, árbores, paxaros, bolboretas e formigas e todas as cousas que os nosos amigos poden necesitar.

E aquí remata o conto da árbore con patas.

*O monte Seixo non para!*

Era unha tarde de verán calorosa. Decidimos ir ao monte Seixo, no todoterreo do meu pai, sen nos poder imaxinar as aventuras e misterios que alí nos agardaban.

Ao chegar ao cume do monte, topámonos coa primeira sorpresa. Había un paso de ferro, vixiado por un gardián que nos fixo deter.

–Viaxantes, vos de quen vindes sendo?

–Vimos coñecer o monte –dixen eu.

–Se queredes entrar na montaña máxica, debesdes adiviñar o meu nome. Só vos direi, que me chamo igual que o Gardián de Troia.

–Chámaste Héctor! –dixo o meu pai, rindo, como o protagonista dunha das nosas cancións favoritas de Warcry.

Tan pronto dixemos o seu nome, esvaeceuse misteriosamente, deixando o camiño libre, pero no cume xurdiron xigantes de aceiro ameazantes, que vencemos a ritmo de rock n' roll, porque non deixaban de xirar a cabeza ao son da música e do vento.

De repente xurdiu da nada, unha capela, e dela saíu o Rei dos Magos do monte Seixo, que nos dixo:

–Chámome Mateo. Se vos perdedes, debesdes pechar os ollos, e dicir tres veces: “HO, NON VALE!” e vós ou calquera cousa que perderades aparecerá na vosa casa.

De súpeto a capela desapareceu, sen tempo de agradecerlle ao Rei Mateo o seu consello. De volta á casa, meu pai decatouse de que perdera a carteira, pero como era de noite non volvemos para mirar se a atopabamos. Ao deitarme, lembrei as palabras do Rei Mateo, pechei os ollos e dixen tres veces: –HO, NON VALE!

Pero do sono que tiña, quedei durmida. Pola mañá, ao espertar, ollei na mesa de noite a carteira do meu pai, cunha nota que puña:

–NADA SE PERDE, PORQUE O MONTE SEIXO NON PARA!

***O misterioso monstro***

Había unha vez dúas nenas chamadas Nuria e Sofía, que estaban no xardín do parque tranquilamente ata que escoitaron un ruído, non sabían o que era, así que decidiron investigar, pero as nenas pensaron que necesitarían a alguén que fose capaz de examinar as pistas moi ben, entón chamaron o seu amigo Gonzalo que aceptou encantado. Pero Sofía dixo que necesitarían a outra persoa que fose rápida para coller o misterioso ruído, entón chamaron o seu amigo Andrés.

Cando todos estiveron de acordo decidiron poñerse no caso, Andrés díxolle ás nenas que debían ir a onde escoitaron o ruído, e así o fixeron. As nenas foron de camiño ao xardín cunha cesta de merenda, para ver se aquel misterioso ruído volvía a aparecer, puxéronse a merendar e pasado un tempo viron que algo se movía entre os arbustos pero non se deixaba ver con claridade, de repente algo saíu correndo, colleu un dos bocadillos e desapareceu de novo entre os arbustos.

Nuria viu unha mancha sobre o mantel e levouna ao laboratorio para que Gonzalo a examinase e este chegou á conclusión de que era a pata dun animal pequeno, que non se trataba de ningún monstro.

Gonzalo dixo que terían que buscar máis pistas para descubrir o que era aquel misterioso animal. Foron de novo ao parque, pero esta vez os catro, estaban sentados no medio do xardín e puxeron por alí bocadillos e froita para atraer a atención do animal. De repente, saíu o animal de entre os arbustos pasou correndo e colleu un bocadillo. Andrés botouse sobre el e atrapouno. Todos quedaron mirando para el e botáronse a rir a gargalladas. O misterioso monstro ao final só era un coello!

A partir daquel día os nenos merendaban co coello todos os días.

Foron felices e comeron regalicias!

*Un día sen fin*

A mestra Loli explicaba, pero ninguén a atendía. Todos mirabamos como a choiva golpeaba os cristais das xanelas. De súpeto, soou o timbre do colexio. Por fin, xa era a hora de saír! E todos fuximos da clase.

Ao chegar á porta era noite pechada. A miña amiga Sofía e máis eu collemos rumbo ás nosas casas e sen darnos conta atopámonos nun bosque. Deunos a sensación de que alguén nos seguía e comezamos a correr. Todo estaba cheo de silvas que nos rascaban as pernas, pero nós seguíamos correndo. Chegamos a un labirinto de escaleiras empinadas que subían e baixaban cuns muros que apenas deixaban ver o ceo, o que fixo que freásemos o noso ritmo e fósemos máis paseniño, pois subir as escaleiras cansábanos pero baixalas dábanos vertixe.

Despois de varias horas andando chegamos ao centro do labirinto no que había unha pirámide de cristal coma a do Museo do Louvre en París. Eu sabía que tiñamos que entrar alí para salvarnos dun suposto perigo. E así foi, entramos e atopamos un museo de cera con figuras macabras, polo que nos agarramos atemorizadas. Ao final da galería había unha porta grande de madeira bañada en ouro, como a das igrexas, cun gran pomo no centro. Colocámonos fronte á porta e xiramos o pomo con todas as nosas forzas chegando a caer de xeonllos. Pero, por fin abriuse e alí estaban nada máis e nada menos que as escaleiras!

Despois dun tempo baixándoas Sofía esvarou arrastrándome a min con ela. As dúas gritabamos coma posesas por aquel inmenso túnel. Cando xa non podíamos máis atopámonos no medio da lama onde nadaban unha especie de porcos verdes con tres ollos que nos miraban fixamente, pero, sen pensalo, naquel preciso momento abrín os ollos.



***Os homes de Flores***

Cheguei á Illa de Flores, en Indonesia. Deume moito medo deixar a barca, pero baixei. A praia non tiña pegada ningunha, era terra virxe. Pero selva dentro atopei unhas pegadas pequerrechas, con pasos curtos. Decidín seguilas, aínda que foi tarefa difícil porque estaba todo enchoupado e ás veces non se marcaban ben. As pegadas acababan nunha árbore enorme, tan alta coma unha torre e con miles de ponlas arredor. Comecei a rubir, de ponla en ponla, até chegar á copa da árbore. Alí puíden oír un ruído que saía baixo miña, e vin unhas persoas pequenas. Eran monos, pero camiñaban erguidos e levaban arcos e frechas nas costas. Os arcos eran de bambú, coas cordas feitas de trenzas de pelo. As frechas tiñan na punta un dente de serpe, cunha gota de veneno mortal. Sen querer esvarei e víronme, tiñan mirada intelixente, pero eran guerreiros e comezaron a me lanzar frechas. Escapei, saltando de árbore en árbore, até que puíden baixar ao camiño. Correndo de volta á praia atopei un arco no chan e collino. Ao chegar á praia, subín na barca e arranquei o motor con todas as miñas forzas, pero alcanzáronme cunha frecha no ombro. Con sorte cheguei ao porto da cidade onde me levaron ao hospital. Alí sacáronme a frecha, curáronme, e dixéronme que acababa de demostrar que existían os homes de Flores. Unha especie diferente aos Homo Sapiens que se pensaba se extinguirán hai miles de anos.

*A pedra máxica*

Ola chámome Iván e son un neno ao que lle pasou unha gran aventura.

Estaba na casa despois dunha tarde aburrida cos meus mellores amigos: Carlos e Álex. Decidimos ir ao parque... e alí fomos. Vimos algo brillar con intensa forza e sen pensalo, fomos ver o que era. UNHA PEDRA AZUL QUE BRILLABA! Cando todos iamos a collela... A LUZ TRAGOUNOS! –Aaaaaaaahhhhaaaaa –berramos.

A pedra teletransportounos a outra dimensión. Ben, se se lle pode chamar así a un bosque. Carlos sinalando cara a detrás miña dixo:

–Diiii, diiiii, DINOSAURO!

Mirei cara a atrás e un tiranosauo de 13 metros miroume. Creo que non pasara tanto medo dende que empezaran os exames. O tiranosauo perseguiu nos e naturalmente escapamos del, o único que pensaba era en coller a pedra e escapar. Todos amarramos ben a pedra que brillou de novo e volvemos viaxar.

Ben, aparecemos na miña casa, pero, ou a casa era moi grande ou nós moi pequenos. Eramos ananos! Lembrei que a pedra a metera no peto, pero non estaba. Álex propuxo buscala onde a atopamos, así que fomos ao parque. Collemos o meu coche teledirixido e alá fomos. Como a porta estaba pechada decidimos ir pola ventá que estaba na cociña, tirarse dende un segundo é pouco... Atopamos outro problema: o meu can estaba na cociña, e sabía que eramos minguentes! Pero sorte que o can estaba durmido. Aproveitamos unha mesa de pasar o ferro como rampla e caemos dende o segundo piso. Cando chegamos ao parque a pedra estaba alí. Voltamos aparecer na miña casa, sen ser ananos, e Álex preguntou:

–Que facemos coa pedra?

–Xa sei –dixen.

Tirei a pedra pola ventá. E por iso nunca toco as pedras que brillan.

***De vacacións a Siberia***

Un día cando saía da escola, os meus pais déronme unha sorpresa. Iamos de vacacións a Siberia!

Os meus pais dixéronme que en Siberia ía moito frío e tiñamos que ir moi abrigados. Tivemos que coller un avión en Madrid. Saímos do avión e outra vez collemos outro avión en Moscova. Ao chegar a Siberia ía moito frío e todo estaba cuberto de neve.

Viñeron recollernos cunha zorra impulsada por renos. Cando estabamos na zorra vimos moitos animais propios de Siberia, como osos polares, cans de moito pelo, etc.

Cando chegamos ao iglú, vimos un oso polar branco e todos nos asustamos moito. Pero o esquimó explicounos que os osos polares podíanse ter de mascota, igual que os cans siberianos (*husky*).

Ao día seguinte, o meu irmán e mais eu fixemos un boneco de neve mentres os meus pais observaban como a xente pescaba facendo buratos no xeo.

Alí se tomaba moito peixe e a maioría era cru. A min gustábame pero o meu irmán sufría cando o comía.

Coñecín a moitos nenos que ían vestidos con abrigos de pel de reno e xogaban coas súas zorras. Un día bañáronse nas augas xeadas porque dicían que non ía tanto frío como parecía.

Pasamos alí oito días e cada vez acostumábame máis ao frío. Ao volver, aínda que era o mes de xaneiro, eu camiñaba pola rúa vestida con manga curta.

*A rosa que quería ser humana*

Había unha vez unha maceta na que estaba plantada unha rosa. A rosa era regada todos os días e estaba moi ben coidada. Pero a rosa estaba triste. A rosa vía todos os días como os seus donos a regaban e logo ían vivir a súa vida de humanos. Ela quería ser una humana pero era unha flor, era só unha rosa. Un día escoitou a dúas margaridas falar sobre un mago que convertía as flores en persoas. Ao escoitar iso iluminóuselle o rostro: o seu soño ía facerse realidade!

En canto anoiteceu sacou as súas raíces polos buratos do fondo da maceta e comezou a andar. Ela escoitara que o mago vivía no xardín do gnomo cun gorro violeta e que a súa casa estaba por onde saía a lúa. A rosa camiñou dúas casas cara a lúa ata que saíu o sol, entón escondeuse nunha casa ata que se fixo de noite e volveu andar. E foi facendo ese proceso durante catro días. A quinta noite estaba moi cansa xa e non sabía canto máis tería que camiñar. De súpeto, pasou unha rapaza nova e a rosa escondeu as súas raíces. A moza mirouna con cara de sorpresa e díxolle:

–Acabas de camiñar? –preguntoulle.

–Si –respondeulle a rosa sen saber que facer.

–Sabes falar?!

–Todas as plantas falan.

–Estás un pouco deshidratada.

–Hai cinco días que non me regan.

–Se queres lévote á miña casa e régote. Teño un montón de plantiñas.

–Vale. Moitas grazas señorita.

–Chámome Clara. E ti?

–Eu non teño nome.

–É verdade! Síntoo moito.

–Non importa.

Foron ata a súa casa e estiveron falando un rato. Despois dun rato Clara preguntoulle se quería vivir con ela e respondeulle que si. E a idea de ser unha persoa esquecéuselle.

***A vaca máis rara de Vacundría***

Había unha vez un país chamado Vacundría, onde só vivían vacas. Todas eran brancas e negras. Varía non era como as demais porque era soamente negra. Cando chegou, todas a miraban e ríanse dela.

–Mira esa vaca –diciía Yaría.

–Que fea –respondía Tería.

–Ha, ha, ha –rían todas.

Cando chegou á súa corte botou a chorar; a vaca máis boa, Vinría, petou na súa corte e Varía dixo:

–Quen é?

–Son Vinría e veño a acompañarte, sei que te sentes mal.

Pasaron toda a tarde falando. A vaca Vinría contoulle que era normal para elas non recibir ben as novas vacas que chegaban á granxa. Esa noite Varía non estivo tan triste xa que polo menos conseguira facer unha amiga nova e botouse a durmir un pouco máis tranquila. Cando cantou o galo pola mañá, Varía xa estaba levantada preparando o almorzo ás vacas, a ver se así tiña máis amigas para non sentirse tan soa. Yaría levantouse e pensou ao ver o almorzo “se me porto ben con ela terei unha boa recompensa”.

–Sinto moito o de onte, non estou acostumada ás visitas –díxolle facéndose a boíña.

–Non pasa nada, desculpas aceptadas.

Máis tarde levantouse Tería, que lle preguntou a Yaría por que estaba tan contenta. Yaría díxolle que tiña un plan: portarse ben con Varía para ter recompensas e agasallos.

–Boa idea! –dixo Tería– chsss.

Pero elas non se decataban de que Varía era moi lista. E Varía deuse conta. Foi xunto delas e díxolle:

–Non credes que vou picar non?

–Sentímolo moito.

Tería e Yaría organizaron unha festa a Varía, que as perdoou... E viviron felices para sempre.

***Unha estrela***

Un día pola noite, mentres miraba o ceo, vin unha estrela moi brillante. Eu imaxinaba que alá enriba, nesa estrela vivían os meus bisavós, que nunca coñecín.

Cada vez que a miraba, a estrela acercábase a min, de súpeto eu estaba dentro desa estrela. Chamábase Chispa, alí todo o mudo era feliz, camiñaban polas rúas todos tranquilos, ían aos parques, ás praias, todo era moi tranquilo, todo era como máis brillante, todos se coñecían.

Paseando por un parque vin a unhas persoas moi velliñas, tras falar con elas, deime conta que eran os meus bisavós: Farruco, Josefa, Alejandro e Marisa, non mo podía crer!

Faláronme da súa vida pasada, convencidos de que algún día se atoparían outra vez.

Deume moita tristeza despedirme deles, pero quedei moi leda por coñecerlos. Máis tarde deime conta que todo fora un soño, pero un soño moi lindo e moi divertido.

Sempre me gusta mirar as estrelas onde vivían os meus catro bisavós, aínda que non os coñecera nunca, mais quéroos moitísimo.

***Pedro e a primeira raíña dos romanos***

Había unha vez na Gallaecia, moitos anos atrás, un neno que se chamaba Pedro. Pedro era moreno, de ollos marróns, alto e bastante listo. O seu pobo ía loitar, cara a cara, cos romanos e tiñan que prepararse moito, coller as espadas, os cascos, etc. Un día o garda do pobo, que se chamaba Emilio, avisou que chegaban os romanos con máis de douscentos homes. Ao chegaren as tropas do estratega Xulio César empezou a loita polo territorio. Houbo moitos mortos e feridos e ao final os romanos fixéronse co pobo e converteron os castrenses nos seus escravos.

Pedro, construíndo un día unha escultura de Xulio César, viu a súa filla, Antía, e ficou namorado. Ela fixouse tamén nel e tamén ficou namorada; polas noites ían pasear polo pobo sen que ninguén os vise. Un día, un loitador romano os veu e díxollo a Xulio César. Pedro e Antía escaparon polo medio do bosque ata chegar a un claro onde había unha casa abandonada. Nela durmiron corenta noites ata que un día chegou un soldado e levounos ata o seu comandante Xulio César. Este díxolle á súa filla que non podería estar máis con Pedro, porque era un escravo.

Antía tiña un can que se chamaba Tobi ao que lle daba as cartas que lle escribía a Pedro para que llas levase. Cando a Xulio César deulle un ataque ao corazón, Antía converteuse na raíña dos romanos e ordenou deixar libres os castrenses. Ao final, casou con Pedro e tiveron sete fillos.

*O tesouro da selva*

Ola amigos, Queredes que vos conte unha das moitas aventuras que viviu Alis, a nena da selva? Pois aí vai:

Un día, estaba Alis colgada boca abaixo dunha póla pensando nas súas cousas cando viu un pequeno papagaio que chiaba. Como Alis sabía falar cos animais entendeu o que dixerá o papagaio.

–Queres vir a procura do tesouro da selva comigo? –preguntou o pequeno paxaro.

–Siiii, cal é? –respondeulle Alis entusiasmada.

–Terás que adiviñalo ti cando o atopas –respondeu misterioso o papagaio.

Alis colleu un pequeno bolso onde gardou auga e comida. Despois emprenderon a viaxe na procura do tesouro. Percorreron sendeiros, atravesaron lugares de frondosa vexetación e ríos ata atopar unha misteriosa cova na que viron unha sombra. A sombra díxolles con voz cavernosa que se buscaban o tesouro terían que ser quen de superar os seus medos. Tan pronto como pronunciou a última palabra miles de serpes xurdiron da nada.

Este era o medo máis temido de Alis. O primeiro que pasou pola súa cabeza foi botar a correr, pero rinchou os dentes lembrando que as serpes se poden calmar cunha cantiga. Ao instante comezou a cantar, ao principio as palabras non lle saían da gorxa, pero coa axuda dos asubíos do papagaio puido continuar a súa melodía. Comprende con ledicia que o que recordara das súas lecturas de libros de aventuras realmente funcionaba, as serpes estaban a desaparecer!!!

Xa máis calmada, observou que no fondo da cova había unha luz. Era o tesouro!!! Sorprendeuse ao comprobar que o tesouro non era máis que as plantas, a vida e os animais. Era unha marabilla que sempre tivera diante. Endexamáis esquecería esta aventura.



*Os días da semana*

Os habitantes da cidade de Aldara sempre andaban tan apurados que non tiñan tempo de inventar os días da semana. Esquécense. De maneira que Loli, a señora lúa; Toru, o señor gato; e as dúas irmás, Cati e Tali, decidiron facer algo.

Así que unha noite chegou a lúa de día e dixo:

–Como eu son a lúa, invento o luns.

Colleu o seu caderno de notas e deixou aquilo anotado xunto a dous círculos e dúas circunferencias. Tamén tiña uns triángulos e unhas montañas de neve. Despois andou ata tocar o borde da varanda do balcón e, sacando a cabeza por entre os testos, dixo:

–Como eu son Toru, o gato, inventarei o *gartes*, e o *gartes* virá detrás do luns. E tamén o deixou anotado nun currunchito do seu caderno.

E despois, as irmás, Cati e Tali, como non lles quedaba nada, inventaron o *páxares*. E, como se acordan moi ben, en vez de anotalo fixeron un poema:

A lúa, dama nobre de cara colorada,  
 tráenos a noite sempre  
 da súa man colgada.  
 O gato de laciño,  
 ou xeranio encarnado,  
 ten tamén media noite  
 colgada do tellado.  
 O luns saíu redondo,  
 o *gartes* durmiñón,  
 e o *páxares* dicímoslle  
 en forma de cancións.

Así naceu o tempo na cidade de Aldara. Xa só lles faltaba inventar unidades máis pequenas. Por iso apareceu a *espella* para marcar o tempo que duraban os xogos de Aldara. E se o tempo fose máis longo, podería contarse por dúas *espellas*, tres *espellas*... Os tempos pequeniños, por exemplo o que dura o canto dos canarios de cada vez, e mesmo o dos grilos e, coma quen di, o miar do gato, podía medirse doadamente en *crícaras*...

Aínda apareceu tamén a media *espella*. E a cuarta *espella*. E así foi como se inventou o tempo na cidade de Aldara.

***A mellor familia: a miña***

Érase unha vez un pobo chamado Musiquelandia. Nel vivían moitas notas musicais, ás que lles gustaba xogar xuntas, bailar e tocar instrumentos. O que máis lles gustaba, era facer cancións alegres e divertidas que alegraban a todos os habitantes do lugar. Había unha chamada FA. Era a única que non estaba contenta e non lle gustaba moito o pobo. Un día dixo:

–Vou buscar outro lugar onde vivir.

Pensou que podería ir ao pobo das letras, Letrilandia. Alí, seguro que sería máis feliz. Marchou sen despedirse e camiñou e camiñou ata que chegou ao seu destino. Encontrou unha señorita á que chamaban ERRE. Preguntoulle:

–Onde podo atopar á alcaldesa? Teño que falar con ela dun asunto moi importante.

ERRE indicoulle o camiño, era nun concello próximo chamado Vocalandia. Cando a encontrou e lle contou o seu problema, a alcaldesa respondeulle que podía quedar, pero que alí facían moitas xuntanzas para escribir contos, poemas, libros e dicionarios.

–Neste pobo traballamos moito para facer todas esas cousas e case non temos tempo para xogar.

FA pensou que debía visitar o pobo e coñecer ás outras letras. Foi xunto delas pero non lle fixeron caso. A letra ESE, moi enfadada, díxolle:

–Silencio! estamos traballando e non podemos parar.

Outra letra, chamada O, díxolle:

–Vaite de aquí! Coa túa “musiquiña” non nos deixas traballar.

Ela sentiuse apesurada e foi xunto da alcaldesa. Díxolle:

–Moitas grazas pero marcho. Boto de menos a miña familia.

Era media noite, púxose en marcha e foi pensando que non hai como vivir coa nosa familia, eles nos entenden, dannos cariño, amor e alegrías.

–Fun parva, non debería ter marchado.

Camiñando, camiñando, chegou xunto da súa verdadeira familia, pediulles perdón e nunca máis volveu marchar da casa nin desexar cousas que non tiña.

***O misterio***

Nunha casa afastada, un día de choiva, Xan quedara só. A súa nai saíra a comprar e o seu pai fora traballar á oficina.

Xan púxose a ver a tele pero o programa que estaba a ver fíxolle sentir medo e decidiu chamar os seus pais por teléfono. Pero ningún dos dous colleu o móbil. O neno pensou: Non pasa nada, ao mellor non se deron conta de que os estou a chamar...

Pasou un rato e o neno volveu chamar, primeiro a súa nai, que non respondeu, e logo o seu pai. Unha voz descoñecida dixo:

–Onde estás...?

De repente, cortouse a comunicación. Xan, asustado, saíu da casa correndo e foi á tenda onde estaba a nai. Como o neno non se lembraba se pechara a porta regresaron para a casa e cando chegaron atoparon a porta aberta! Había alguén dentro! Dende fóra escoitábase que alguén rebuscaba algo entre papeis. Rapidamente chamaron á Policía que non tardou en chegar. Coas armas na man entraron dispostos a deter o ladrón.

Un home cuns papeis nas mans saíu entre os dous policía. O neno exclamou cos brazos abertos:

–Papáaaa!!!

O pai viñera a buscar uns documentos que lle quedarán na casa.

*O magnífico calcetín púrpura*

Hai moitos, moitos anos un calcetín púrpura decidiu cambiar de cor. Foi preguntarlle ás medias vermellas e contestoulle que a mellor cor era a vermella. Pero ao calcetín non lle gustou moito e seguiu o seu camiño buscando ideas. Un pouco máis tarde atopouse co seu amigo de toda a vida, o zapato. Nunca se separaban e este díxolle que a súa cor favorita era o negro, pero... un calcetín negro, non, non lle parecía ben. Xa chegara a hora de cear e, o calcetín, aínda non decidira que cor lle ía mellor.

Á mañá seguinte levantouse moi animado e, con decisión, foi xunta á roupa interior que estaba pousada enriba da coqueta da habitación. Que decepcionante, a ela encantáballes a cor verde. Pola contra ao calcetín, non lle agradaba nada de nada. Entón, consultoullo aos pantalóns. Orgullosos responderon sen moito pensar, case nun eco:

–O azul, o azul.

Que barbaridade, todo iso recordáballes o ir e vir das ondas do mar que moitas veces o tiñan mollado. Nada diso!

Ao cabo dun rato, non contento coas respostas que estaba tendo, acudiu a un sabichón, o gorro, que preto das cacholas, seguro tiña boas ideas. O gorro, moi seguro, deulle un consello útil e sutil:

–A miña cor preferida é a de sempre, a de toda a miña longa e bonita vida.

Por fin, ao final, deuse conta de que a súa mellor cor sería a que el tiña de sempre.

Debemos valorar o que temos.

*Os tractores xogadores*

Había una vez un tractor que se chamaba Coco que se atopou con outro tractor que se chamaba Coke. Decidiron ir ao monte a xogar. Xogaron ao escondedoiro toda a tarde. Foise escurecendo e viron unha sombra que era un leñador que estaba traballando na súa leira. Os tractores acercáronse e díxéronlle:

–Señor leñador, señor leñador, estamos perdidos! Poderíanos axudar, por favor?

–Claro que si, que precisades pequenos tractores?

–Vivimos en Campoalto e non sabemos por onde volver á casa –dixo Coco.

–Non vos preocupedes que eu vos digo o camiño.

Cando chegaron á casa saltaban de alegría. Estaban tan cansos de xogar que foron para a cama moi rápido e quedaron durmidos.

Coco empezou a soñar que ía nunha nave espacial e Coke soñaba que estaba xogando ao fútbol. Os dous empezaron a patear e a saltar como se estivesen tolos. Dunha vez, ata Coke lle deu cunha roda a Coco sen querer, porque estaba soñando que tiña o balón e ía marcar un gol.

Cando espertaron foron almorzar e logo foron outra vez a xogar á horta mirando como medraran as verzas. Como se lembraban de que o día anterior se perderan no monte, ese día decidiron volver para a casa antes de que se fixese de noite.

***A ponte dos cativos***

Hai moitos anos había unha illa pequena no medio do mar.

A illa era moi rica en recursos, no mar había moitísimo peixe e nos campos dábanse moi ben o millo, as patacas, as verzas....

Á xente da illa gustáballe vivir sen ter contacto co resto do mundo, porque dicían que dese xeito sempre terían alimentos suficientes para vivir. Tiñan medo de que chegaran empresas de terra dentro e se esgotasen os seus peixes e o resto dos seus recursos.

Todos eran moi felices ata que un día un neno apareceu cunhas manchiñas vermellas por todo o corpo. O médico da vila díxolles aos seus pais que sería mellor levalo a unha cidade grande que tivese un hospital, pero os seus pais non fixeron caso porque a viaxe á cidade máis próxima da costa había que facela nunha pequena gamela e duraba moitas horas.

Pasados uns días, na illa, apareceron máis nenos coas mesmas manchiñas. Cada novo día había máis nenos con aquela estraña enfermidade. O médico non daba feito e as gamelas saían cara a costa con tres ou catro nenos cada unha.

Foi unha desgraza porque non todos os nenos puideron curarse, e algún morreu polo camiño.

Dende ese día os habitantes da illa non pararon ata conseguir que lles fixesen unha ponte que os unise coa terra de enfronte. A esta ponte chamárona a Ponte dos Cativos.

***Os trasnos***

Non hai unha soa persoa que non escoitara falar sobre os trasnos, desas pequenas criaturas que lles dan medo aos nenos. Cando era pequeno dábame medo atoparme con eles. Os trasnos son uns pequenos homiños en miniatura que visten moi elegantes con traxes de cores, a maior parte do tempo andan por camiños solitarios e non lles importa se é de noite ou de día.

Ao visitar unha casa fanse invisibles, molestan demasiado facendo travesuras. Pero aos que máis perseguen é aos rapaciños de curta idade, porque os enganan sen que se dean conta e se o neno non quere ir, lévano igual.

Unha vez un señor contou, que unha noite, cando el ía a cabalo con outro amigo, veu saltar a un pequeniño á beira do camiño, tan solitario e a horas tan inoportunas, que ambos estrañáronse moitísimo. Baixaron o ritmo dos cabalos para preguntarlle a onde se dirixía e porque os sorprendera de tal xeito. O pequeniño contestoulles:

–Vou facer un mandado.

A pesar de apresurar o paso, ese trasniño seguiuilles a pouca distancia cunha habilidade increíble. Aquilo puxo aos dous coa pel de galiña e non querían mirar cara a atrás. Cando o fixeron, xa desaparecera.

Algo moi parecido a isto, sucedéralle ao fillo dun parente. Perdérase había xa dous días e os seus pais buscárono por todas partes. De súpeto apareceu, sen el saber como. Cando se lle preguntou polo sucedido e como chegara ata alí, dixo que uns homiños moi pequenos o levaran e que mentres el choraba, os trasnos ríanse e bailaban.

Este suceso comentouse durante moito tempo naquela vila e é digno de ser estudado por misterioso.

Din as xentes do lugar, que para escorrentar trasnos dunha casa, hai que poñer unha boa música e inventar unha divertida coreografía de cando en vez.

*O misterio das sombras*

Hai moito tempo en Madrid, a xente estaba moi alborotada porque desaparecera un neno, e outro, e outro... ninguén sabía o que pasaba.

Pouco despois, unha rapaza ía camiñando por unhas galerías e, de súpeto, apareceu unha sombra diante súa. Atemorizada, botou a correr pero... apareceulle outra sombra e morta de medo chamou a policía. Cando esta chegou, as sombras desapareceran e non puido facer nada.

A Clara, que así se chamaba a nena, mandáronlle facer un traballo no colexio e decidiu facelo sobre este tema. Os seus compañeiros ríanse dela porque dicían que iso o imaxinara.

Ao regresar á súa casa, mirou a luz que proxectaba o faro. Deuse conta de que era unha caveira o que emitía. Díxollelo aos seus pais pero estes non a creron.

Ao día seguinte, foi ao colexio e cando acabasen as clases, pensaba descubrir a razón de tantas sombras.

Así o fixo. En canto saíu cara ao faro, alí estaban ao seu pé. Achegouse paseniño. Clara preguntou:

–Onde estou?

As sombras contestaron:

–Estás na Mansión das Sombras, a onde van todos aqueles nenos e nenas que teñen ansias de saber. Agora serás ti outra escrava da túa imaxinación.

Alí estaban os demais rapaces desaparecidos, buscando un plan para fuxir, algún buracuño polo que ver a luz e saír das sombras.

Nada máis levantar a cabeza, avistei a luz da miña mesa de noite co seu pé cheo de pintas escuras. Era sen lugar a dúbidas o meu cuarto. Pechei o libro e volvíñ ver a súa intrigante portada: *O misterio das sombras*.

Apaguei a luz e a sombra envolveu a miña habitación.



*Un misterio por fin resolto*

Ola, chámome Marcos e cada mañá, ás nove, vou ao colexio onde teño moitos amigos. Un día fixámonos en que a nosa mestra cambiara, estaba máis pálida, os seus beizos non eran tan vermellos coma os amorodos e o seu cabelo non era tan negro coma o carbón. Algúns dos meus compañeiros dicían que era un zombi, outros dicían que era unha bruxa, pero eu pensaba que era un vampiro. Cando lles comentei iso aos meus compañeiros, todos nos puxemonos de acordo e decidimos que, por grupos, iríamos cada recreo, algúns ao patio e outros á biblioteca a investigar.

E así o fixemos. Algúns dos meus compañeiros ían á biblioteca mentres que a nós tocounos ir ao recreo. Era moi grande con moitas árbores que proxectaban unha gran sombra onde xogaban os nenos e nenas. Eu díxenlle a miña nai que para a merenda do *cole* quería allos, pero botouse a rir e non me fixo caso. Así que tiven que collelos eu. No patio, os meus compañeiros tamén trouxeron allos e cruces de madeira. Todo, porque os vampiros odian iso.

Na clase os meus amigos foron á biblioteca, dixéronme que encontraran moita información pero nada era importante. Entón pensei e ocorrúseme... que a mestra podería estar enferma!

Comentéillelo a todos e eles, que tamén pensaron o mesmo cando llelo dixen, gritáronme a coro:

–Non o podías dicir antes?

E resulta que... era certo. Ao día seguinte, a mestra faltou e cando volveu díxonos que tivera gripe.

Nós botamos a rir. Como puideramos dicir que se convertera nun vampiro se só estaba enferma?

Que barbaridade!

***A voda de Saila, unha voda en palacio***

Nun poboado chamado Salakum, vivía una nena de 13 anos chamada Saila. Residía nun palacio xunto coa súa nai e o seu pai.

Como era musulmá, tiña que casar con quen o seu pai elixise.

Chegou o día, e a nena non entendía como tiña que aceptar aquilo, sen ter nin sequera a opción de poder decidir sobre a súa vida. Xa fora así na época das súas avoas e das avoas das súas avoas.

Saúl, o home que escollera o seu pai, pagoulle 10.000 € para casar con ela. O único que ela desexaba, era ir á escola, xogar cos demais, libre, sen ataduras.

O día da voda, a rapaza non quería vestirse. O pai anoxado e preocupado reprocha:

–Sal agora mesmo!

–Papá, eu quero ir á escola. Inda teño moito que aprender antes de contraer matrimonio.

–Necesitamos eses cartos, que boa falta nos fan.

–Que pasa aquí? –recriminou Saúl –Vou pasar á forza! Como entre, xa verás do que son capaz!

O pai, atónito co que estaba oíndo, veu no seu futuro xenro un verdugo para a súa filla e díxolle:

–Fóra, sal da miña casa!

Sabía que fixera o correcto, aínda que a tradición fose traizoada. Hai cousas moito máis importantes, e a súa filla era unha delas.

***A viaxe submarina***

Nunha cidade submarina habitaba Desi, que era a irmá de Nesi. Foi visitar a súa irmá, pero non saíu coma ela planeou. Cando chegou viu que a súa irmá non estaba porque a levaran a Xapón.

Fixo unha longa viaxe por terra, mar e aire. Ao chegar a Xapón, encontrouna dentro dunha piscina rodeada de valos e pensou: “Como a sacarei de aí?”

Ideou un plan. Quizais necesite o meu amigo o paxaro. Chamouno e díxolle:

–Trae a todos os teus amigos.

Viñeron paxaros a moreas, tantos que conseguiron tapar toda a luz do sol. Levantárona mentres o xefe collía, xunto a cinco dos seus, algas para mantela fresca e para que non se lle secura a pel.

Volveron a casa, celebrando unha festa e contando as aventuras que lle sucederan na viaxe, coma cando se atopou cun crocodilo de Miami e se fixeran amigos. Deulle unhas ricas gambas que lle axudaron a continuar. Logo atopou unha augamar que compartiu con ela uns lagostinos, despedíndose e retomando o seu camiño. Máis tarde, atopou un dinosauro co que compartiu a súas galletas e, por último, coñeceu a Dodo, que lle axudou a poder voar.

Así foi como coñeceu a amizade dos animais do mar.

*A princesa aburrida*

Había unha vez unha princesa no Reino Florido que non facía nada, ben, só unha cousa, miraba a televisión; parecía que era o único que lle importaba. O seu pai preocupado díxolle:

–Tes que saír fóra cos outros nenos, non podes pasar o día aquí pechada, ruliña!

Ante a insistencia do seu pai, a princesa decidiu saír a xogar un día e, de súpeto, veu un campo cuberto de flores, nenos xogando e moitos bambáns ao redor...

–Que divertido! –exclamou a princesa. –Que pena ter pasado tanto tempo soa no palacio, cantas cousas fermosas perdín!

Pero aínda así á princesa faltáballe algo.

–Que sería? –preguntouse. –Non teño amigos para poder xogar, que podo facer?

Nese momento viu unha nena que se acercaba a ela timidamente e preguntoulle como se chamaba. A nena contestoulle que se chamaba Ani e entón ela díxolle que era a princesa Ana.

As dúas nenas foron ao parque a xogar, pasárono moi ben xuntas. Foi o día máis bonito que pasara a princesa, nunca se esquecería del.

–Sairei xogar fóra e non quedarei na casa nunca máis! –dixo a princesa.

A princesa seguía a estar moi feliz porque encontrara unha amiga coa que podía compartir xogos, xoguets e moitos momentos de lecer. Non se cansaba de dicir:

–Que ben o paso con amigos, que sorte!

Así, cada día, a princesa aburrida íase convertendo nunha princesa cada vez máis e máis divertida, disfrutando dos amigos. Xa nunca volvería ser unha nena triste e aburrida sen saber que facer.

Din que dende entón cada vez que pasamos cerca do palacio do Reino Florido pódense escoitar os seus sorrisos.

*Un rapaz con sorte*

Nun país de África un rapaz chamado Goel, pasábase o día traballando. Non quería facelo, pero se non era así, quitábanlles a casa. A súa paixón era estudar e ser médico. Mais non podía ser, porque non tiñan os cartos suficientes como para pagarlle a escola.

Goel pouco vía o seu pai. Pasaban moito tempo fóra polo seu traballo, tanto o un coma o outro. Un dos poucos días que podían estar xuntos, sempre viña con feridas e lategazos.

Oné, o pai de Goel, con gran pesar díxolle:

–Meu fillo, de agora en diante, terás que traballar máis, porque a miña enfermidade non me vai permitir obrar todo o que eu quixera.

Goel e Leila, a súa nai, quedaron pálidos pola nova.

Así que o neno ía á mina onde traballaba seu pai e cumpría todas aquelas horas que Oné non podía realizar. De non facelo así, estaban encamiñados á perda da casa e non ter que comer.

Cando viñeron recoller a Goel, sentía un medo que lle estremecía todo o corpo. Non sabía como o ían tratar e que duro sería o que lle agardaba.

Todo lle veu enriba. Non podía vir todos os días á casa. Quedaba alí, durmindo nun saco se tiña sorte, senón, pechaba os ollos sen el. Cada noite rezaba para que a súa familia se atopase ben.

Sucedíanse os golpes. Dunha das malleiras tivo que ir directo ao hospital. Alí, os médicos curárono. Un deles decidiu poñer dos seus cartos, para axudar á familia deste neno e que Goel non seguise con esa vida.

Sempre aparece alguén moi pero que moi especial!

***A decisión de Flor***

Estaba Flor preparándose para a súa actuación, cando sacou a cabeza polo pano, e parouse a pensar como sería a vida dos rapaces espectadores.

A súa vida no circo era marabillosa, viaxando polo mundo, coñecendo culturas e aprendendo idiomas. Gustaríalle vivir nunha cidade e ter unha vida coma calquera outra rapaza.

Unha noite Aire, a súa irmá, que era acróbata, preguntoulle se pensaba seguir toda a súa vida no circo, como fixeran os seus pais, avós, bisavós...

Dende ese día Flor non paraba de pensar se de maior traballaría noutra cousa que non fose o circo. Mais se marchaba, botaría de menos a súa familia.

Ela vira na televisión unha reportaxe sobre química e, como era moi estudosa, gustáballe facer experimentos na caravana onde vivía coa súa familia.

Un día comentouno na casa e a súa irmá pequena dixo que ela tamén quería ter novas vivencias.

A nai non podía pensar en separarse das súas fillas e ao pai pasáballe o mesmo. O avó non quería e Toto, o can, andaba co rabo entre as patas.

Sol, a nai, dixo que estaría ben que as dúas rapazas estudasen nunha cidade.

Atila, o avó, era un vello forzado de circo, moi intelixente e sabía moito de química; pero seguira a tradición familiar traballando no circo. El deuse conta de que a familia andaba moi triste e propúxolles quedar todos a vivir nunha vila; cos cartos aforrados montaron unha escola de baile, teatro e acrobacias. E así fixeron.

Flor estudou química e acabou traballando de mestra. Mais sempre que chegaba o circo á súa vila, asomaba a cabeza polo pano e pensaba como sería a vida da xente que vivía no circo.

*A viaxe por África*

O ano pasado, como saquei moi boas notas, os meus pais, regaláronme unha viaxe por África. Sempre fora a miña ilusión.

Pronto chegou ese día tan anhelado. Estaba tan emocionada por ver todos os animais que vía nos documentais, que non me dera conta de que no campamento onde estabamos, había moitos nenos e nenas nativos que eran da mesma miña idade. Observaba como traballaban, arreo día a día, coidando animais, cavando a terra... As súas roupas, ademais de escasas, eran vellas e a maior parte deles, non tiñan calzado.

Pouco a pouco funme facendo a súa amiga. Contábanme cousas do seu país e eu do meu. Que diferente era todo! Entendíamonos porque Tajou, o máis preparado, dominaba algo o español. Eu faláballe de que, todas as mañás, erguíame cedo para ir á escola e alí aprendía moitas cousas. Cos ollos ben abertos e ao mesmo tempo tristes, dicíanme que eles non tiñan escola nin libros. Non sabían nin ler nin escribir.

Do mesmo xeito, erguíanse moi cedo coma min polas mañás, pero non para ir á escola, senón para traballar e todo sen protestar. Asombrada polo que me estaban a contar, comentéillelo aos meus pais. Como podía ser que nenos e nenas de 10 anos estivesen traballando e ademais de semellante forma?

Explicáronme que, por desgraza, había moitos rapaces e rapazas que non tiñan dereito a educación, a unha vida digna, a unha infancia como temos nós. Por iso temos que valorar o que temos.

QUE SORTE!

### *O máximo camiño a Santiago*

Chámome Daniel e a miña viaxe comezou no 2010 cando tiña oito anos. Ía acompañado de familiares e dos compañeiros do grupo no que bailo e toco. O que vou narrar soaravos a fantasía pero así sucedeu:

Sáimos dende Pontevedra pola tardiña. Preto de Alba pasoume algo incríbel, vin unha luz brillante voando que se pousou baixo unha árbore. Decateime de que era unha muller diminuta con dúas ás, asusteime, pero lembrei os contos onde vira ese ser, unha fada.

Chamábase Feiticeira e quería guiarme no camiño porque unhas personaxes de conto non querían que a xente chegase a Santiago.

No primeiro tramo do camiño perdémonos porque os trasnos, uns pequenos demos burlóns, cambiaran as frechas amarelas. A fada díxome que a elas lles gustaba o doce, deilles chocolate e amosáronos o camiño.

Preto de Caldas de Reis algúns compañeiros desapareceran, o home do saco andaba collendo xente. Seguímolo e, coa axuda dos trasnos, tendémoslle unha trampa para liberalos. Por fin chegamos a Caldas onde iamos durmir.

Ao día seguinte en Valga unhas meigas cortábanos o paso. Non deixarían pasar a ninguén se non lles dabamos a raíz dunha planta que medraba nun monte moi alto.

Debía pedir axuda a Feiticeira, ela guiaríame ata a planta. Así sucedeu e, ao darlle a raíz as meigas fóronse.

En Padrón tivemos que escorrentar a un chupa sangues cun feixe de allos.

Pasamos a noite en Milladoiro. Espertáronos uns ouveos, era un lobishome que andaba preto, Feiticeira cos seus poderes deume ás e xuntos fomos voando á lúa para pedirlle que se escondese. O lobishome escapou. Á mañá seguinte Feiticeira non estaba.

Chegamos a Santiago e fronte á catedral ofrecémoslle ao Apóstolo unha peza galega cos nosos instrumentos. Voando pasou unha luceciña. Sentín un bico na meixela. Sen dúbida, facer o camiño é máximo.



*A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella*

A famosa historia da Carapuchiña Vermella non comeza con Carapuchiña enganada polo lobo, senón por algo moi diferente a esa versión totalmente inventada.

Todo empezou cando Carapuchiña foi invitada a comer pola súa avoíña. Ela levou a comida, un aceitoso polo frito. Polo camiño atopouse co lobo, tan limpo coma sempre, e Carapuchiña preguntoulle ao animal:

–Queres un pouco de polo? -fíxeno eu.

–Non, non que mancho os pezuños e ademais son vexetariano.

Colleu unha flor rosa e volveu dicir:

–Esta flor é moi delicada, ao igual que todos os seres vivos. Comer carne paréceme de caníbales e marchou dando saltiños de badana.

Cando chegou á casa da súa avoa, encontrouse cun mantel de caveiras e un estante cheo de CD de *heavy metal*. Serviu o que traía e sentouse á mesa coa súa avoa que comía os zancos de polo coma unha troglodita. Ao acabar de xantar, propuxo a anciá á súa neta:

–Queres vir a dar un *voltio* na miña nova vespa último modelo?

Carapuchiña dixo que si emocionada e as dúas marcharon na moto polo bosque. Ían a tanta velocidade que case atropelan o lobo. Este, coa derrapaxe, encheuse de po e marchou para a casa a ducharse para estar como sempre impecable. Que pouco lle importaban esas dúas e que pouco finas eran!

A avoa levou a Carapuchiña á súa casa e a súa nai ao ver á avoa *moteira*, pediulle que outro día a levase a ela na moto.

E esta, queridos nenos e nenas, é a verdadeira historia da Carapuchiña Vermella.

### *Os veráns de Josefín*

Josefín era unha nena de once anos que vivía coa súa nai en Londres.

Era filla única, ata agora. A súa nai volveu casar cun home moi rico que dirixía unha empresa que se estendía por todo o mundo e que tiña trixemelgos: Max, Matt e Mark, que tiñan oito anos.

A Josefín non lle gustaba nada a súa nova familia, porque o seu pai, como todos os seus parentes, incluídos os seus fillos, era moi fino. Pero o peor non era iso, o peor era que, dende que chegou a aquela casa, a súa nai tamén se volvera fina e aburrída, e insistía en que vestise traxes caros e melindrosos que Josefín odiaba.

A seu pai, en fin, case non o vía porque sempre estaba viaxando por temas de negocios e os seus irmáns non deixaban de amolala. Josefín só tiña unha tía, a irmá da súa nai, que era igual ca ela.

Nese verán, foron visitala algunhas semanas. Josefín estaba moi emocionada polo que, cando a viu, foi correndo a abrazala e gritou:

–Tía Coraline! –que así se chamaba –que ganas tiña de verte!

–Josefín! –dixo a tía abrazándoa con forza.

Visitaron piscinas, museos, parques de atraccións, teatros... Tamén falaron moito e, sobre todo, riron moitísimo, e aínda que os seus irmáns a molestaran, a Josefín non lle importaba. Valíalle con estar cerca da súa tía para ser feliz. Cando chegou a hora de irse, Josefín entristeceuse e dixo:

–Eu non quero marchar mamá! Quero quedarme! –Gritou entre saloucos.

Despois de moito falar os seus pais dixéronlle:

–Queres quedar ata que remate o verán?

–Siiiiii! –contestou Josefín entusiasmada.

Dende aquela, Josefín pasa todos os veráns, completos, coa súa tía Coraline.

Por iso a súa estación preferida é o verán.

***Os catro irmáns***

Érase unha vez catro irmáns que se chamaban Silvia, Gabriela, Álvaro e Alexandre. Un día estaban paseando e xogando entretidos polo bosque que estaba ao carón da súa casa. Mentres estaban xogando ao balón, Alexandre deulle unha patada moi forte e perdeuno. Silvia rifoulle:

–Xa che vale, é a segunda vez que perdes o balón, parvo!

–Ten razón Silvia, sempre fas o mesmo, es un bruto –dixo Gabriela.

–Abonda xa, vamos buscar o balón –sentenciou Álvaro.

Foron buscar o balón e atoparon que o balón entrara por unha ventá dunha casa misteriosa. A casa estaba rodeada por un muro e tiveron que saltalo. Cando estaban saltando a Álvaro caeulle o pantalón. Gabriela e Silvia puxéronse vermellas de tanto rir.

Aproximáronse á porta. Alexandre ía en cabeza, petou na porta e escoitaron un son. Entón falou Álvaro:

–Que sería ese ruído?

–Non o sei. Quizais unha pantasma –contestou Gabriela.

–Entramos? –preguntou Silvia.

–De acordo –responderon á vez Álvaro, Gabriela e Alexandre.

Moi amodo foron entrando. De súpeto, a porta pechouse tras eles! Encontrábanse nun recibidor no que había unhas escaleiras e... aaaahhhh! Un esqueleto! Baixaron a toda présa polas escaleiras. Cando chegaron ao seu final deixaron de correr e quedáronse en silencio a ver se oían algo. O que escoitaron non era tranquilizador. Unhas pisadas ían cara a eles. Cando se xiraron...

–Un zombi! Aaaaahhhh! –gritaron todos á vez.

–Tranquilos rapaces –dixo o seu pai quitando a máscara.

O seu pai explicoulles que a casa, o esqueleto e o disfraz só era unha sorpresa para eles, xa que era Samaín. Os catro irmáns volveron para a casa o máis rápido que puideron para disfrazarse e poder divertirse eles tamén neste divertido festexo.

***O rato e a lúa***

Nunha noite moi longa, un rato de cor gris chamado Pepo, saíu da súa casa para recoller madeira. De súpeto, deuse de conta de que non sabía onde estaba. Perdérase. Seguiu camiñando e encontrouse coa lúa. A lúa preguntoulle:

–Que che pasa?

–Que me perdín –contestoulle o rato.

–Se queres, dígoche eu onde está o teu fogar, pero antes debes atopar unha cousa.

–Que teño que atopar?

–Tesme que traer a flor dourada.

–De acordo, vou correndo.

O rato sabía onde se atopaba a flor dourada xa que o seu avó lle contara a lenda da flor dourada cando era un cativo. A lenda explicaba que a flor estaba na montaña de Viazuela e que era máxica porque tiña po de fada.

Para chegar ata a flor, tivo que escalar a montaña. Cando estaba subindo viu unha luz brillante. Pouco a pouco foise achegando. Cando a alcanzou observou moi ledo a flor dourada. Achegouse e recolleu a flor. Nese intre apareceu a lúa e díxolle:

–Moi ben Pepo, moi ben! Consequiches atopar a flor dourada.

–Grazas, estou moi contento, sempre desexei encontrar a flor dourada.

–Unha promesa é unha promesa. Vamos. Acompañareite ata a túa casa.

Unha vez na casa do rato cearon os dous xuntos. Cando chegou a hora de despedirse, a lúa entregoulle a flor dourada a Pepo para que puidese ir visitala sempre que quixese grazas ao po de fada da flor dourada.

*Nos tempos difíciles*

Eu non entendo porque ultimamente todos os adultos teñen esas caras de preocupación e todos falan dunha cousa, como na TV: a crise. En realidade eu non sei o que é unha crise económica, pode ser que o diñeiro se volva tolo, pero o que si sei é que non é unha cousa boa para as persoas.

Mostra diso é que un día cando fun coa miña nai ao supermercado atopamos a Carmen, a nai dunha das miñas compañeiras de clase, a verdade é que non tiña moi boa cara. A miña nai contoume que lle quitaran a casa e a súa filla por non poder pagar as facturas, desafiuzáranas. Ela non tiña a ninguén que a axudase, e o banco a ignoraba completamente. Cando lle quitaron a casa, as autoridades levaron a súa filla María a una especie de orfanato. A súa situación era desesperada, ela antes tiña unha casa e un traballo e de repente encontrábase pedindo na calle. Carmen cría que o perdera absolutamente todo cando, de repente, un home que vivía na casa de enfrente de onde ela pedía se lle acercou, ofreceulle poder vivir nunha casa que el non utilizaba e un traballo como dependenta na súa pequena librería.

Grazas á caridade dese home, Carmen puido recuperar a súa filla. Seguramente pasando un par de anos todo volverá a ser normal. O que si queda claro é que nestas situacións é cando se mostra o mellor lado das persoas e que se todos fixeramos cousas como a que fixo este home as persoas non coñecerían palabras como crise, desafiuzamento, paro... nin ningunhas desas palabras que hoxe en día significan tantas cousas negativas e dolorosas para as persoas.

*O peixe de cor marrón*

Esta é a historia dun peixe que todos desprezaban pola súa cor marrón. Chamábanlle Pepe e o único amigo que tiña era Lura. Tal vez era o único que o aceptaba tal e como era. Un día chegou á escola un novo alumno. O señorito Cabaliño de mar que era de cor laranxa brillante e volvíaa tolas a todas as peixiñas. Tíñao todo.

Un día a mestra dixo:

–O luns iremos a acampar ao arrecife de coral e alí faremos as competicións.

–Eu non quero, se toco a area do arrecife de coral, voume manchar –dixo Cabaliño.

Pepe rabiaba cada vez que o escoitaba falar. Era un presumido.

–Se me tingo o corpo da mesma cor que Cabaliño, todos serán os meus amigos –matinou Pepe. E tal como o pensou así o fixo.

O luns estaban no autobús e a Pepe íalle moi ben ter a cor de Cabaliño.

–O meu coche vai gañar o concurso –dixo Cabaliño.

–Iso verémolo –engadiu Pepe.

–Pero, non se sabe quen vai gañar! –apuntou a mestra nun ton conciliador.

Ao final gañou o coche que Pepe construíra con tanto empeño e esforzo.

–A seguinte proba é a carreira cos coches que fixestes –anunciou a mestra.

–Preparados, listos, xa! A toda máquina! –exclamou Pepe.

–Vamos Pepe, ti es o mellor –animaba Lura.

Ao rematar a carreira o peixe tinguído de cor marrón gañou e Cabaliño dixo:

–El é un trampón. TEÑO QUE GAÑAR EU!!!

Entón colleu o trofeo e escapou, pero Pepe alcanzouno e recuperou o trofeo e todos foron os seus amigos para sempre. Pepe tamén recuperou a súa cor orixinal e nunca máis volveu renegar do seu aspecto.

*Pan e paus*

Chámome Mohan e quero relatar a historia da miña nenez, unha historia de sufrimentos. Só tiña seis aniños cando uns homes ben traxados apareceron onda meus pais. Os meus pais eran labradores e traballaban no campo namentres os meus irmáns e máis eu pasabamos o tempo xogando. Eses homes prometéronlles aos meus pais unha vida mellor para min: iría á escola, aprendería a ler e a escribir, daríanme roupa nova e mesmo me mercarían xoguetes. Pagáronlle uns cartiños a cambio e prometeron darlles máis de cando en vez. Os meus pais dixeron que si, porque así poderían alimentar os fillos que lles quedaban e darme unha oportunidade na vida. E leváronme con eles...

Os primeiros días comía o que non comera na miña vida, pero aos tres días todo mudou e xa só me daban pan e moitos paus. Encerráronme con outros moitos nenos nun cuarto pequeno e escuro cheo de máquinas de tecer. Erguíannos ao amencer, ao cantar o galo, e traballabamos seguido sen descanso ata que escurecía. Doíanme as mans de tanto traballar e picábanme os ollos pola pouca luz. Tamén tiña fame e sede. Por que xa non podía xogar? Preguntaba coa miña boca pequena. Por que xa non podía estar coa miña xente? Botaba de menos a miña familia e os meus amigos.

Tristemente segue a haber no mundo moitos nenos que coma Mohan, no canto de xogar e ir á escola, son obrigados a traballar.

***Tamba, o neno soldado***

Quero contar aquí a historia de Tamba, un neno soldado, para que nos deamos conta do afortunados que somos os nenos nesta parte do planeta. Vivimos arroupados pola nosa familia, facendo cousas de nenos como ir á escola e xogar acotío. Gozamos de moitas máis vantaxes que outros pequenos do mundo, por desgraza, non teñen.

Tamba é un neno que foi secuestrado polos rebeldes do seu país xunto con outros moitos; mais non foi para xogar, nin para ir á escola. Non, non, foi para metelo a soldado. Preguntarédesvos por que non dixo que non? Pois moi doado: non tivo outra opción porque o ameazaron de morte.

Durante o seu cativerio tivo que loitar, realizar traballos forzados e moitas máis cousas terribles que non quere nin lembrar. Estaba canso, tiña frío e fame. Choraba moito en silencio por estar afastado da súa familia: das súas irmáns, dos seus pais, dos seus avós aos que botaba moito de menos. E cada noite preguntábase por que tiña que facer todo iso. Pero non atopaba resposta. A vida era moi cruel e parecíalle moi inxusta.

Pero un día a súa sorte mudou. De súpeto, apareceron uns homes que lle explicaron que o ían axudar. Ao principio non o podía crer e estaba desconfiado, pero así era. Había xente á que aínda lle importaba.

Agora Tamba é feliz: vai á escola e xa aprendeu a ler e a escribir e ten amigos, moitos amigos. Aínda así, polas noites segue a espertar con pesadelos.

Eu teño un saquiño cheo de soños. Nos meus soños todos os nenos do mundo viven en liberdade, van á escola, xogan, comen, beben e dan brincos de ledicia.



*O pitiño que non sabía voar*

Érase unha vez un pequeno bosque onde todos os animais eran amigos. Polo ceo voaba unha gaivota que estaba a piques de ser mamá. De feito puxo tres ovos que coidou con agarimo varios meses ata que nun fermoso día de primavera os pitiños romperon a casca. Eran pequerrechiños, fermosos e de cor branca. Despois de varios días os poliños xa estaban listos para voar. O primeiro poliño fíxoo ben e o segundo o mesmo, pero o terceiro non sabía voar. Entón pensou: E agora que podo facer? Ah, xa sei, vou preguntarlles aos meus amigos se eles saben voar e que me ensinen.

O poliño preguntoulle a ra Pirulá se sabía voar e ela contestoulle:

–Croac non, eu non sei voar pero pódeshlle preguntar a Cruz a avestruz, ela ten plumas coma ti.

Entón alá foi e cando a atopou preguntoulle se sabía voar e ela contestoulle:

–Non, eu non sei voar, por que non lle preguntas a Patosín o pingüín? El ten ás coma ti.

–Tes razón voulle preguntar.

Despois de camiñar e camiñar atopou a Patosín que lle dixo que el non sabía voar pero que coñecía a alguén que si: Ramón o gorrión.

Cando deu con el, dende o primeiro momento foron amigos, e Ramón ensinoulle a voar. Para iso púxolle probas de salto e movemento de ás que o pitiño superou con certas dificultades e así aprendeu a voar. A cambio o pitiño díxolle que o axudaría cando o necesitase.

*A bruxa branca e o pitiño vermello*

Eran as oito da mañá do luns. O día ía ser perfecto. Estabamos no mes de xuño a unha semana de rematar as clases e ninguén podía sospeitar o que pasaría no día de hoxe.

Eran xa as nove, e cando todos chegamos á porta da aula, pasou algo abraiante: a porta abriuse soa. Logo de entrarmos na clase puxemos todos cara de parvos coa boca aberta. A mestra non chegara e todo estaba polo ar e movíase só.

Tras a mesa da mestra vimos un pequeno lóstrego e unha nena cativa que cando se ría, todo se poñía patas arriba. Ao vela pensamos que era bruxa ou fada porque outra explicación non había.

De súpeto, entrou a mestra e todo volveu ao seu lugar, coma se non ocorrese. Entón, ela, coma se nada, sentou no seu sitio, coma os demais. A mestra saudounos, coma sempre, e dixo:

–Nenos e nenas, tendes unha nova compañeira. Chámase Branca.

–Ola Branca! Dixemos nós.

O que non sabía a mestra, ou se cadra si, era que Branca era unha bruxa.

A mestra estaba a ensinar nos cousas da natureza. Mentres daba as explicacións, de entre as cousas de Branca saíu un “pío, pío” moi baixiño e despois apareceu un pitiño vermello moi cativiño e bonitiño que comezou a voar por toda a clase ata que pousou na mesa da mestra. Entón, ela colleuno con moito coidado nas súas mans e o paxariño converteuse nun neno pequerrecho. Despois soubemos que era o irmán de Branca e que fora enfeitizado por unha meiga moi mala.

***A leoa Ramona***

A leoa Ramona, é moi grande e boa, ten moitos cachorros, aos que coida, mima e dá de comer.

A leoa Ramona sempre corre detrás dos seus cachorros pero nunca os pode alcanzar, porque ten unha melena moi, moi longa.

A leoa Ramona sempre corre pola selva onde vive, pisa o seu pelo da melena e cae, tropeza e enrédase nel.

A leoa Ramona cando era pequena quería ser a máis guapa, por iso deixou crecer o pelo da melena. Nunca fora ao salón de peiteado, porque, ademais, na selva onde vivía non existía.

A leoa Ramona quería cortar un pouco a melena para correr e xogar cos seus fillos pola selva.

A leoa Ramona escoitara que nun sitio chamado zoo había salón de peiteado, enfermeiros, veterinarios...

A leoa Ramona pensou que aquilo era un *spa*, e pensou ir alí para poñerse guapa, maquillarse e peitearse.

A leoa Ramona preparou a maleta, o traxe de baño de flores, chancletas, albornoz, gorro de piscina e lentes. Meteu todo no seu coche escaravello e marchou para o zoo.

A leoa Ramona en canto chegou ao zoo, meteuse na piscina de chorros, logo un pouco na sauna e despois foi ao salón de peiteado.

Á leoa Ramona laváronlle a melena, tardaron catro horas, secáronlle a melena, tardaron catro horas.

A leoa Ramona marchou para a selva, o que ela quería era chegar á súa casa e comer cos seus fillos.

A leoa Ramona chegou á casa, pero para non se espeluxar non corría nin xogaba, e os seus fillos estaban tristes.

Os fillos da leoa Ramona pensaron e coseron un vestido con capucha para que poida correr e xogar sen despeitearse e unhas luvas para que non se lle borren as unllas vermellas.

A leoa Ramona remata o conto xogando.

*A semente que quería ser cenoria*

Nunha aldea de Pontevedra había unha tenda que vendía moitos tipos de sementes de froitas e verduras. Estaban en botes de vidro e cada bote puña cal era o seu tipo. Había un bote que non tiña nada escrito, só tiña unha semente de cor vermella. Pero despois o carteiro entregou máis sementes e onde había unha semente encheuse coas que chegaron. Pasou un minuto e entrou un señor que pediu un bote de sementes. A moza que vendía entregoulle aquel bote.

O señor marchou e plantou ese día todas as sementes. Ao día seguinte regounas, e volveunas regar e así moitos días ata que empezaron a nacer as sementes. Aquela semente viu que ao crecer as súas compañeiras eran de leitugas. A semente non quería ser unha leituga. Unha noite a semente tivo un soño. Soñou que quería ser unha cenoria. No soño tiña un larguísimo pelo verde e un bonito corpo laranxa.

Á mañá seguinte o señor foi a regar o xardín e a semente seguía sen nacer. Entón volveu anoitecer. Había lúa chea e a semente empezou a chorar sen parar. Canto máis choraba, máis medraba. Á mañá seguinte, cando o señor chegou á horta viu unha cenoria grandísima, con ollos, nariz e boca. O señor sorprendido dixo:

–Eu non pedín unha cenoria. Deixareina crecer máis.

Pero a cenoria seguía sen saber que era unha cenoria. E seguía chorando e crecendo e chorando e crecendo. Os coellos de toda Galicia dicían:

–Hai unha cenoria xigante nunha aldea de Pontevedra. Así que un día, xuntáronse todos, fixeron unha longa viaxe... e de repente: ññññññññññaaaaaaaammmmmmmmm!!!

A cenoria pensou: Oxalá fose semente.

*O gatiño Tito*

Sabedes que o dito “cando se pecha unha porta, ábrese unha ventá” quere dicir que a vida danos golpes, pero danos outras oportunidades, iso lle pasou a Tito e a min.

Era o amencer, e a miña nai levoume á casa dos meus avós. Así somos nós, a miña nai e mais eu. Cando cheguei, un ruído intenso chamoume a atención, soaba a choro desesperado. Estaba entre as plantas. Aí estaba Tito, aínda non abría os ollos, choraba de fame e frío. Preocupei-me polo gatiño, onde estaba a nai? A miña avoa dixo que seguro que a nai o viría a buscar, pero non veu nin pola mañá nin ao mediodía. Estaba indignada e enfadada. Que nai faría iso? Pero a vida é así, neste caso sería por necesidade, non podería darlle de comer. aínda mamá non puxera o pé na porta, corrín cara a ela e díxenlle:

–Mamá, ti que podes con todo, axúdame a coidar do gatiño.

E mamá non o pensou. Tito púxose coma un rebolo a base de biberóns. Chúpalle o dedos a mamá coma se fose un chupete e comigo rosma e xoga, tamén, rabuña o condenado, é o problema que ten, pero o amor é así. Aprender a querer sexas como sexas. E agora somos tres.

***A auga***

Un día sollío, no monte do Borralleiro houbo un gran lume, pero o señor da chuvia non mandou chover e o lume seguía queimando as árbores e a herba. Un veciño avisou os bombeiros e veu de lonxe un helicóptero para apagar o lume. Como o lume era moi grande, tivo que ir ao río na busca de máis auga.

Cando o helicóptero volveu co depósito cheo de auga os bombeiros dixeron:

–Non a botes aínda porque estamos nós debaixo!

Os animalíños fuxían para un refuxio para non queimarse, pois o lume estaba moi preto deles e estaban moi asustados, a calor do lume queimáballes as patas ao andar na terra quente.

Logo de moito fuxir os animalíños refuxiáronse a carón do río, pois tiñan as patas moi quentes e moita dor, polo que se meteron no río.

Despois de moito traballo os bombeiros e o helicóptero remataron co lume.

O lume queimou moito monte. Os animalíños estaban todos apeados e tiveron que buscar outro lugar para facer os seus fogares e os seus niños, pois tiveron que facelos noutras árbores para que os seus pitiños non tiveran frío.

Despois de remataren os bombeiros, regresaron cansos para a súa base no concello da Lama, pois viñan de facer un grande esforzo para poder salvar o monte tan fermoso e axudar a todos os animais a facer a súa vida.

O helicóptero tivo que recargar e volver de cando en vez ao monte para controlar que non se volvесе avivar o lume.

Por fin, o lume apagouse. A vexetación volveu medrar coa axuda da chuvia e os veciños tiveron que replantar as árbores.

*Hispanos versus Romanos*

Era unha vez un pobo moi habitado chamado Hispania. Preto de alí, había outro pobo chamado Roma, con moita pero moita máis xente ca no outro.

O día vinte e un de febreiro, os romanos, que se aburrían un montón, foron a espiar os reis hispanos, pero axiña foron descubertos e leváronos ata uns sucios e escuros calabozos.

Eles gritaban:

–Non, non queremos ir dentro dos calabozooooooooos !!! –pero entraron, si ou si.

Cando estaban sós, un romano dixo:

–Algún de nós ten que ir ata o noso campamento para poder avisar as nosas tropas.

Ese mesmo romano escapou e avisou aos seus de que Julius e Callo estaban atrapados.

Os romanos foron ao rescate. Loitaron contra os hispanos, día e noite loitando, sen parar. Ufff! Por sorte tiñan unha arma secreta: unha poción. Unha poción máxica que os facía moi fortesssss!!! Así foi coma gañaron a batalla.

Esta é a divertida historia de como o pobo de Hispania conseguiu gañar a Roma.

Ah!!! Por certo, despois de moitos anos Hispania mudou o seu nome e pasou a chamarse: España. A nosa España.

Así que, galos, non vos burledes de nós por gañar no fútbol, xa que nós tamén vos gañamos antes a vós noutras cousas, ha ha ha!

A pesar de todo isto, galos e hispanos somos GRANDES AMIGOS!!!

*Unha viaxe de pesadelo*

Tareixa e a súa familia viñan de volta dunha viaxe moi emocionante. Pasaran unhas inesquecibles vacacións nun precioso hotel da costa Brava, no norte de Cataluña.

Sáiron do seu hotel ás 7.00 h da madrugada. O peor, foi que aos 30 quilómetros de saír, Tareixa comezou a devolver todo o que almorzara. Ademais, tiña 39° C de febre.

Para poñerlle máis lume a esta historia, a familia tiña unha longa viaxe por diante; pois tiñan que chegar a Marín e aínda faltaban mil cen quilómetros.

Cando ían chegar a Burgos, sentiron un ruído e o coche cambaleouse:

–Que é iso? –preguntou Sabela, a nai de Tareixa.

–Tranquila Sabela, seguro que foi o asfalto, adoita estar irregular –contestoulle Xavier, o pai.

–Pai, creo que mamá ten razón –dixeron á mesma vez os nenos– iso non pode ser o asfalto.

–Vou parar para ver... –dixo Xavier.

–Nenos, sinto ter que dicirvos que pinchou unha roda.

–E entón, que imos facer agora? –preguntou Cosme, o irmán de Tareixa.

Despois de visitar tres talleres, un centro de saúde, unha farmacia, unha cafetería e viaxar en grúa e en taxi, puideron continuar a súa viaxe. Tras dezanove horas e mil douscentos quilómetros de longa viaxe por diante, chegaron a Marín. Pero ao chegar alí non atoparon a súa casa en ningures...

RIIIIIINNNGGGG!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

–Tareixa, arriba! Comezan as vacacións, temos unha longa viaxe por diante.



***Dous amigos moi unidos***

Ola chámome Daniel e vouvos contar unha historia que me aconteceu cando tiña nove anos.

O día que cumprín nove anos, meu pai regaloume un can precioso, un *husky* siberiano. Eu estaba moi contento e pasaba o día xogando con el. A miña irmá Raquel encantábanlle os gatos, e cando cumpriu cinco anos, os meus tíos regaláronlle un. Puxémoslles os nomes ás nosas mascotas: o meu can bauticeino, Dark; e a miña irmá Raquel chamoulle ao seu gato, Ticky.

Dark e Ticky sempre pelexaban, igual ca nós.

Un día que deixamos a cancela aberta, Ticky e Dark escaparon, e non os volvemos ver ata un mes despois. Dark cambiou a súa pelaxe negra por branca, e Ticky, que tamén era de cor negra, retornou marrón. Durante ese mes que estiveron tanto tempo xuntos coñecéronse ben e fixéronse amigos. A partir de entón, Dark xogaba con Ticky e levábao nas súas costas. Ao cabo de dous anos tiveron fillos.

Nunha ocasión salvaron dun incendio a un neno, e o alcalde declarounos heroes domésticos. Pero un día Ticky morreu e Dark púxose moi triste. Dark saíu correndo e perdeuse no bosque porque non quería vivir sen Ticky,

Todos dixemos, típico! Ao fin e ao cabo eran dous amigos moi unidos.



# **CATEGORÍA DE SECUNDARIA**



***Recordos***

Gif despegou as mans da varanda e mirou o seu reloxo. Marcaba as tres e media, aínda que o ceo seguía estrelado, pero cando un estaba no espazo, onde non existía a luz do sol, os reloxos eran a única referencia fiable.

Naqueles momentos estaba na cuberta de babor da BraveWheel III mirando o ceo a través da ampla cristaleira. Levaba nesa nave tres semanas, e non sabía en que momento empezara a guerra. Só sabía que tres semanas antes dese día, a armada IntraGalactical fora á súa casa, no planeta GansekiDaichiNo, e puxéralle nos morros unha orde na que, ao parecer, se obrigaba a Gif a que se presentase ao día seguinte a primeira hora da mañá para embarcar ata PiakiélnyjaPustki, un planeta menor convertido en base militar da galaxia Hermóquenes, en guerra coa súa veciña Hellishfield e na que se atopaba GansekiDaichiNo. A orde estaba escrita en astapor, idioma oficial da galaxia e que Gif descoñecía, pero ao día seguinte viuse embarcando nunha nave con outros dous mil rostros que non coñecía e que se dirixían tamén a PiakiélnyjaPustki.

Gif botaba de menos o seu fogar, os seus libros, os luscofuscos dende a súa casa, falar cos seus amigos na praza e incluso o seu traballo naquel taller de mecánica que se dedicaba á reparación de naves espaciais e que era tan famoso naquel planeta e arredores.

Pero a quen máis estrañaba era a Kate. Estrañaba o seu rostro, os seus ollos, o seu sorriso, o seu sedoso cabelo negro, o seu peito incipiente, as súas mans. Devecía por volver a mirala, por acariñarlle a súa rosada face, por bicala e por fundirse e deixar de existir entre as súas coxas.

Pouco despois foi cara á súa cela e deitouse na cama.

O seu derradeiro pensamento foi para Kate.

### A coroa

Darren Petrikov era un historiador inglés. Vivía nunha fermosa casa coa súa prometida, Verónica.

El era moi alto e delgado, de cute morena, co pelo sobre os ombros e uns ollos escuros.

Nunha viaxe a Noruega, Darren topou unha coroa mentres escalaba o Galdhopiggen. Cando se reuniu con Verónica, puxo a coroa para facela rir. O que Darren non sabía, é que ao poñer a coroa, converteuse no seu amo ata o día que morrese, e iso traeríalle consecuencias.

O mozo poñía a coroa a miúdo, e cada vez que o facía, unhas voces contábanlle os segredos do xeo e a neve.

Poñía tanto a coroa, que empezou a oír as voces sen necesidade de tela posta. Pouco a pouco, a súa temperatura diminuía, volvíase azul e o pelo crecíalle tinguíndose de branco, pero iso non foi o que fixo que Verónica marchara; ela marchou porque Darren empezou a volveuse tolo por culpa da coroa.

Pasaron 4 anos e a Terra quedou esnaquizada por 1032 bombas nucleares activadas durante a terceira guerra mundial. Só sobreviviu Darren debido aos poderes da coroa, ou iso pensaba el ata atopar cunha nena pequena chamada Marta, a cal decidiu coidalo coma se fose o seu pai. Pero el sabía que estaba louco, e despois de 2 anos xuntos, Darren marchou para sempre, deixándolle unha nota a Marta:

*Querida Martiña,*

*Só somos ti e mais eu no mundo. Debe ser moi confuso para unha nena pequena. Eu sei que me vas necesitar, pero estoume perdendo e témome que me vas perder ti tamén. A maxia da coroa manténme vivo, pero estoume volvendo tolo e necesito salvarte, pero quen me vai salvar? Por favor, perdóame por todo o que farei cando non te lembre.*

*25 de xaneiro do 2009*

*Corazón de xeo*

Chámome Alexandra, teño catorce anos e son xordomuda. Non fun xordomuda toda a miña vida, é máis, hai seis anos eu podía escoitar e podería seguir escoitando se non fora porque un suicida borracho se lle deu por andar en sentido contrario pola autoestrada, aquela fatídica noite do sete de xuño de 2007. Naquel accidente morreu meu pai e a miña nai golpeouse tan forte na cabeza que quedou en coma durante un ano, pero ao espertar as cousas non melloraron. A morte do meu pai foi un duro golpe para ela e, para rematar, o médico diagnosticoulle cancro de útero. Ela loitou ata a fin, pero ao final sucedeu o inevitable e todo porque un idiota se emborrachou para esquecer calquera parvada e estrelouse contra o noso coche. El non sufriu ningún dano, e foi nese momento cando me dei de conta que Deus non existe e que a vida é inxusta. Gústame pensar que os meus pais están nunha verde pradaría cun lago cristalino en lugar de pensar que agora mesmo non son máis que uns ósos que están descompoñéndose.

Agora a miña vida é estraña e ódioa. A xente compadécese polo feito de que son xordomuda e de que son orfa. Vivo cunha tía avoa que se fai cargo de min por obrigación. Dáme diñeiro, pero só é para que non a moleste, ela é rica e gústalle ler.

É o único que me gusta desa casa, que está chea de libros, e eu paso tardes enteiras lendo.

Non teño amigos, a vida quitoume todo o que me importaba así que o meu corazón é de xeo e só nun recuncho, moi pequeno e cálido, gardo a miña antiga eu e, con ela, uns sentimentos e recordos que se negan a desaparecer.

***Retrato de algo fermoso***

Esta é a historia dunha muller loitadora, a que non quixeron nin queren escoitar porque din que a súa fala é vulgar, de campeciños. Non saben que esa é a nosa fala, a túa, a dos teus pais e avós. Os seus fillos Castelao, Rosalía ou Pondal quérena dignificar, sen medo ao caciquismo e á opresión, fano porque teñen a coraxe de defender o seu, o teu, o noso.

Esta muller pode demostrarche que é a túa nai, coidarte e educarte facéndote sentir seu sen nacer das súas entrañas. Valente, viviu na escuridade e rexurdiu.

Quedou sen folgos, danada, pero coa esperanza de que os nacidos dela volvan para axudala. Eses fillos que un día viu partir cara ao que crían un novo e mellor futuro.

Eses fillos que deixaron viúvas dos vivos, que volveron sen nada, sen esperanza nin ilusión. Con morriña no corpo, unha palabra que naceu aquí, que é nosa porque unicamente nós lle atopamos ese significado.

Tamén os nenos e homes que derramaron o seu sangue inxustamente, como moitos din, en balde, defendendo o que consideran seu, as súas raíces, a Galicia.

Debuxa a súa fermosa silueta marcada por catedrais e praias, a fin do mundo coñecida como Fisterra pasando pola torre de Hércules, os cativos que rebolen por parques e prazas, os avós que predicen o tempo polos paxaros que voan por un ceo dunha cor agrisada, as tardes de outono frías e o azul do ceo nos seráns, que están acompañadas por una brisa mariñeira. Querédesme dicir que hai algo máis fermoso?



*O camelo que non tiña chepa*

Nun deserto moi lonxe de aquí, vivía un camelo que non tiña chepa e por iso os demais camelos non o querían na súa cova. O camelo vagaba só todas as noites polo deserto. Ata que un día chegaron uns camións ao deserto e metérono no camión. O camelo atopábase desorientado dentro do camión con tantas caixas ao redor. Pero de súpeto, o camión freou e levárono para fóra. Fóra esperáballo un lugar cunha carpa e outros animais nunhas caixas. Chamábase circo. Alí unhas persoas peiteáronlle o pelo e ensináronlle trucos. Un día tivo que facer os trucos diante de moitas persoas e aplaudíronlle moito e así comezou o mundo do espectáculo para "Elbi, o camelo que non tiña chepa".

Pero cando Elbi se fixo maior xa non o quixeron no circo e mandárono a un lugar con moitos camelos e onde podía estar con eles. Chamábase zoo. De cando en vez, aparecía xente e sacábanlles fotos e tirábanlles comida. Pronto, Elbi fixo amigos e namorouse dunha camela coa que tivo camelos. Elbi foi facéndose maior e protexía os seus fillos, que foron os dous primeiros camelos brancos do mundo, un con chepa e outro sen chepa. Eran especiais e por iso toda a xente paraba no zoo para ir ver os camelos brancos. Elbi día a día foi enfermado e un triste día, morreu.

*Noite máxica*

Era a noite de San Xoán, e coma todos os anos, a miña familia ía cear na eira do meu avó.

A eira do meu avó é moi bonita, tras pasar pola cancela podes ver a parte de abaixo, onde está a viña e a bodega. Se avanzas un pouquiño máis, atópaste cunhas vellas escaleiras de pedra, segues por elas e chegas á parte de arriba onde podes ver que á esquerda hai unha casa de pedra moi vella, aí foi onde se criou meu avó. Á dereita da casa hai moitas árbores froiteiras, e enriba hai unha pequena rampla que leva ao monte.

Ese día estabamos ceando á beira da casa, por suposto, cunha fogueira acesa. Ben, en realidade xa remataramos a cea e agora estabamos coa queimada. Meu avó colleu a culler e comezou a remexer mentres recitaba o conxuro “Mouchos, curuxas, sapos e bruxas...”, era todo aparentemente normal se non fose porque tras recitar estas palabras meu avó, todo cambiou ao redor, a miña familia desapareu, era de noite e atopábame soa naquela vella eira.

Involuntariamente mirei cara ao bosque que estaba enriba da casa, estaba moi escuro, tiña medo. De súpeto pareceume ver coma se unha sombra baixase polo camiño do bosque en dirección á casa. Cando se acercou o suficiente puideren ver que era un home moi branco e que portaba unha cruz nas mans, tras el, unha fila de ánimas con túnicas camiñaban lentamente.

Estaba morta de medo, non sabía que facer..., pechei os ollos.

Cando os abrín de novo estaba outra vez sentada coa miña familia e na escuridade do bosque non se intuía nada. Todos actuaban coma se non pasase nada.

Nunca tal cousa me pasou. Non probei a queimada esa noite. Aquilo foi cousa das meigas.

*Os vellos tamén se namoran*

Agora encontrábase nese lugar tan desexado durante tanto tempo e non era capaz de recoñecelo, non era capaz de saborear a vista que se lle ofrecía ante os seus ollos.

Pasaran cincuenta anos. Os seus ollos, cansos de tanto ver e non mirar, enchéronse de bágoas. Unha canción levárao ata alí. Setecentos setenta e dous quilómetros. Lluís botou a chorar da emoción.

Ela, por suposto, xa non estaba alí. Sería demasiada coincidencia. Como podería ser a súa vida despois de todos estes anos? Tería fillos? Un marido? Un arreguizo percorreulle o lombo. Aínda o queredría?

Cincuenta anos. Demasiado tempo. Imposible... ou quizais non. El nunca deixara de amala. Imaxináraa de todas as formas posibles e aínda a amaba.

Afundiu os pés descalzos na area, gozando da sensación dos millóns de graniños coxegándolle os dedos. Inspirou tanto como lle foi posible aquel perfume salgado, que lle despexou as fosas nasais. Recordou vellos tempos, onde soñou que a guerra rematará e el volvía á casa xunto á súa amada.

Aínda de pé, abriu a carta enrugada, palpou a súa rugosidade e as letras que a pluma foran escritas cunha caligrafía fermosa no seu reverso. Cincuenta anos sen tocarse, cincuenta anos sen falar. Cincuenta anos daquela carta.

Sorriu con nostalxia. “Os vellos tamén se namoran, Lluís. Búscame, aínda que pareza demasiado tarde.”

E agora encontrábase nese lugar que tanto desexou e durante tanto tempo. “Nin a guerra nin a fame separarán o meu corazón de ti. Búscame, aínda que pareza demasiado tarde.”

E cumpriu a súa promesa.

***De querido a odiado***

Gonzalo era un neno normal, coma os demais... En realidade, non era coma os demais. Era moi alto.

O ano pasado foi a estrela do equipo de baloncesto da escola. Sempre anotando ou facendo rebotes, ou dando asistencias. Todo o mundo no colexio o adoraba: tiña éxito coas rapazas, aos profesores caíalles ben, todos os nenos querían ser coma el... Adorábano até o partido da final do campionato contra un instituto da vila do lado. Ese día, aínda que xa se sabía que o partido ía ser complicado, todos tiñan esperanzas nel, para poder gañar ao eterno rival. Pero Gonzalo defraudounos e foron fortemente derrotados.

A partir dese día, o rapaz foi humillado polos seus compañeiros. Deixou o baloncesto, empeorou nos estudos, perdeu moitos amigos...

Un día seguírono ata a súa casa e timbraron no seu piso. El pensou que era a súa nai e abriulles. Cando subiron pegáronlle unha malleira.

Gonzalo quixo deixar o instituto, por medo aos seus compañeiros. Pero, os seus pais, ao non saber o problema do seu fillo e como era o último curso, decidiron que era mellor que rematase aquí.

O pobre rapaz tivo que aguantar máis humillacións. Até que, por fin, enfrontouse aos rapaces... violentamente. Pero, un dos pais dos rapaces era policía e, ao decatarse do que fixera Gonzalo, intentouno todo para poder metelo nun centro de menores.

Permaneceu no reformatorio uns poucos meses, e ao saír, descubriuse que fora acosado durante un ano. Aos outros rapaces cambiaronos de instituto e tiveron que realizar traballos comunitarios.

Pese a que os rapaces escarmentaron, xa ninguén lle pode devolver ese ano angustiante da súa vida a Gonzalo.

***Falsa esperanza***

Xamais repetira ou suspendera. Neste ano non estudaba, non facía os deberes, nin sequera me molestaba en preparar a mochila. Simplemente facía o que os meus novos amigos facían, para encaixar.

Pero acción é igual a reacción. Discutía cos meus pais, ata o punto de deixar de falar con eles, pero non souben poñerme no seu lugar. Non me daba conta da impotencia que debían ter os meus actos sobre eles.

Ao final de curso vin as miñas notas e o peso da realidade caeu sobre min. Tiña oito suspensas. Entón comezou o verán e, no canto de poder divertirme, tiven que quedar na casa intentando refacer en tres meses o mal que fixera en nove.

Estudei e intentei poñerme ao día, pero non era tan sinxelo como parecía. Quitar toda esa vagancia e apatía que tiña enriba era practicamente imposible. Pero aínda así sabía que o tiña que facer. Chegaron os exames de recuperación e fixenos o mellor que puiden, cos nervios engaiolados no meu corpo.

E así chegamos ata o día de hoxe, o día en que entregan as notas. Co ausente que estaba coas miñas cavilacións, non me dera conta de que xa estaba na porta do instituto. Entrei, subín as escaleiras e entrei na miña clase. Diante miña encontrábase a miña titora, que me entregou as notas cun aceno de contrariedade.

Collinas. Non quería velas. Abrinas. Entón vin cantos exames suspendera. Consequira aprobar cinco de oito. Non conseguira pasar de curso.

Fun correndo ata os baños e alí chorei amargas bágoas, bágoas de carraxe e de desesperación. Bágoas que sabía que non merecía chorar, xa que toda a culpa fora miña. Pero en nada comezaría un novo curso. Un curso de aprendizaxe e recuperación. Un curso no que recuperaría o tempo perdido.

### Segredos de paxaros

Era unha época difícil, mediados do século XVII. Eu era un home ao que tan só lle quedaba a esperanza de reencontrarse coa súa amada, a que perdera nun cantil á beira do mar. Ela era a miña vida, o meu ser, a razón pola cal eu seguía no mundo, pero quedei sen nada; sen unha moza con quen compartir a miña vida e sen aquela alegría que tiña todos os días, tan só era un home triste e abandonado. Só quería que seguise ao meu lado e por iso fixen unha muller robot, pero sabía ben que non ía falar xa que era simplemente un robot.

Unha noite, mentres estaba durmindo, notei como unha man, acercándose pouquiño a pouco á miña cara, me daba unha caricia. Acordeime dela, da muller que mo dera todo. Espertei e, de súpeto, encontreime con aquela muller robot que fixera hai uns días. Sorprendinme pero ao cabo do tempo fíxose a miña compañeira, amiga e amante que perdera. Era todo moi raro, non sabía o que pasaba pero aquela situación gustábame.

Pasados uns meses, o 30 de abril pola noite, decateime de que eu estaba atado a aquela muller, a aquel robot que me roubara a alma, como fixera a miña amada. Serían as doce da noite e ela non fixo outra cousa que saír cara ao cantil onde ocorrera todo aquilo. Chegamos ao lugar e, de súpeto, decateime de que ela me falaba, a miña muller, aquela que eu recordaba cada noite e cada día. Díxome que a seguise e iso fixen, seguí aquela voz e, de súpeto, encontreime con ela, coa miña raíña. Estaba seguro de que nunca máis a perdería e todo aquilo grazas ao robot que construíra. Eramos almas voando, pero xuntas, eramos como paxaros namorados.

*Un misterioso agasallo*

Recordo aquel día coma se o estivese vivindo agora mesmo. Aquel día tan especial, o dos meus quince anos.

Acababan de saír os meus familiares e a cociña aínda arrecendía a fume de tabaco e a café. Eu estaba no meu cuarto, ordenando os meus agasallos. Tiña que admitir que estaba bastante leda cos que me tocaban nese aniversario, o máis importante da miña vida. Aínda que había un que me desconcertaba un chisco, o da tía avoa Aurora: un colgante con forma de chave antiga, de cor dourada. Pensaredes que non é moi estraño, xa que moitas rapazas levan colgantes semellantes, mais ese era especial.

Agora vos conto por que. Collino e tendinme na cama, agarimando a pequena chave, imaxinando contos maravillosos. Nese intre sentinme un pouco mareada e non notaba a cama debaixo miña. Pechei os ollos e un instante despois xa non me atopaba no meu cuarto, senón nunha fraga verde, chea de carballos. De súpeto, o chan tremeu aos meus pés e, cando levantei a mirada, cruceina cos ollos amarelos dun lobo con aspecto sinistro. Asustada, retrocedín un paso. Foi como pulsar un botón. Todo canto me rodeaba desapareceu. Volvía estar no meu cuarto. Busquei a chave cunha ollada e atopeina no chan. Collina e, de súpeto, entendín aquela nota da tía Aurora que acompañaba ao agasallo e que eu tirara despois ao lixo. Lembrei as palabras: *“Esta é a chave dos teus soños non a perdas nunca. Firmado, A.”*

*Entre lusco e fusco*

Ese é o lugar no que eu pasei moi bos momentos e algún non tan bo; onde a brisa do mar facía voar os meus cabelos, o sol brillante iluminaba os ollos verdes e a fina area bañaba a miña pel. Ese lugar, do que me quedan recordos da miña infancia, malos e bos recordos que as ondas non conseguiron levar. Recordos pasados, recordos presentes e probablemente recordos futuros, que compartín xunto a eles; carreiras, guerras de auga, castelos de area, reboces na arena, merendas, comidas... todo iso e máis, pero o que nunca morrerán serán esas gargalladas, aínda que tamén algún pranto. Hai moitos tipos de gargalladas; nerviosas, de ledicia... e tamén hai moitos prantos; de pena, de emoción, de soidade, soidade que aquel lugar achegaba e do que só apetecía escoitar un paxaro cantar, un barco pasar, os rapaces berrar ou o sol brillar.

Diversos sons e diversas emocións é todo o que acrega e o que me achegou; todo o que me achegará dentro duns anos, xa grande, pero coa ilusión de desfrutar como unha rapaciña. De voltear cara a atrás e volver a esas chegadas impacientes á auga, escapando da miña nai para botar a crema, numerosas cunchas recollidas nun caldeiro ou eses paseos dun lado ao outro da praia, cos teus pés bañados polas ondas cando rompen...

Agora, aquí sentada na mesma area que un día escavei, fronte á auga na que un día nadei e co vento que trae e leva numerosos sons fermosos: o canto dos paxaros, as gaivotas roubando comida, as follas dalgunhas árbores que aínda sobreviven na parte superior da praia e moitos ruídos máis que me permiten seguir desfrutando, aínda que sexa doutra maneira, dese paraíso natural. Paraíso que xa comeza a ser vítima da inconsciencia do ser humano...



*A vida de Laura*

Pontevedra, un lugar onde ata o máis mínimo insecto coñece cada detalle da túa vida, onde as murmuracións repasan cada un dos currunchos da cidade sen deixar que nin o neno máis raro da clase quede sen informar. Un lugar tan parecido a outros.

Chámome Laura e vivo nesta cidade que tan resumidamente describín, estudo no Torrente Ballester, máis ben coñecido como O Quinto. Levo vivindo aquí tempo e tempo, pola mañá vou ás clases ben cedo, e polas tardes dedícome a mirar para as moscas. Teño os meus amigos e amigas. A miña clase é una clase como outra calquera, están o grupo dos *pijos*, o dos *pringados*, o camorrista, a popular, e a marxinaada. Eu son a intermediaria, lévome ben con todo o mundo. A miña mellor amiga chámase Clara, eu quéroa moito pero ten cousas que non soporto como esa capacidade tan peculiar de xulgar a xente sen coñecela. Quéroa pero considéroa demasiado superficial. O primeiro día que Helena, a nena marxinaada da clase, entrou pola porta, Clara xa criticou sen máis o seu pelo desaliñado e a súa maneira de vestir, a súa cara pálida e os seus ollos cansos. Dende entón xa lle caía mal e dicía que Helena era unha bruxa pola súa pinta, e ninguén se acercaba a ela.

Eu compadecíame moito da pobre Helena... comprendo o que é ser a nova. Un día, ao soar o timbre, fun falar con ela. Helena resultou ser una nena moi agradable. Ao día seguinte sentei ao seu lado. Considerábaa a miña amiga, e pouco me importaba o que os demais pensasen de min. Clara non quixo ser máis amiga miña pero tampouco me importou. Ese día perdín a Clara, pero gañei a miña primeira amiga de verdade.

**Se o tempo perdoase**

Aquí estou, cun só desexo en mente, un só pensamento ocupa o meu corazón: Que fixen...

Hai momentos na vida que non se poden evitar, ás veces o teu corpo domina o teu corazón e non o podes frear.

Agora encóntrome na prisión de menores, a verdade é que sei moi ben por que, pero non sabería explicar con palabras o que sentín naquel momento, foi coma se o universo se afundise aos meus pés. Eu só sei que se o tempo perdoase, faría calquera cousa por reparar ese ser sen vida que me miraba fixamente dende o chan, desexando resucitar. Foi terrible:

Se puidese volver o tempo atrás, reflexionaría sobre o que ía facer e frearía as miñas mans. Estaba demasiado preto de min e non puideron evitar facelo. Ela morreu e foi a miña culpa. A miña única pregunta neste momento é se o tempo dá unha segunda oportunidade, se aínda podo repetir a mesma situación na que unha vez estiven e volver a ser neno, nesa etapa na que o mal non existía e na que a imaxinación e a inocencia ocupaban os meus pensamentos. Non teño dereito a quitarlle a vida a ninguén.

Despois diso mireime no espello e pensei: Que fixen, son un asasino!

De modo que aquí estou, non sei que vou facer, só penso cada día que, se os pecados cometidos se esquecesen, aqueles e que non queríamos cometer, se Deus puidese sacarme de aquí, destas catro paredes que me bordean e que non teñen intención de afastarse xamais de min... quizais, só quizais, a miña vida cambiaría completamente.

Non sei como afrontarei isto ao longo da miña infancia nin os cambios que esta terá. Eu por agora só pido que o tempo me perdoe.

# **CATEGORÍA DE BACHARELATO**



***Seica***

Atopeino unha mañá de verán agochado entre as maceiras. Estaba mollado porque caera na pía do señor Rodolfo. Pregunteille o seu nome e dixo que non tiña, que seica o perdera. E dende alí chamouse Seica.

Seica vivía comigo, acompañábame a todas as partes e ninguén máis o vía. Viviamos alleos ao mundo, inmersos na nosa burbulla de risos.

Pero un día todo mudou. Un día berregaron as bucinas dos coches máis do que xa sempre berregaban. Un día miña nai non nos deixou saír. Un día ondeaba a bandeira máis que de costume.

Un día comezou a guerra, o comezo do fin.

Mamá dicía que aquilo pasaría sen pena nin gloria, que eran todo parvadas. Papá non. Papá dicía que todos aprenderían a respectarnos como non o fixeran antes, que non volverían pasar por riba de nós.

Volveron as clases e non lle dei importancia, eu pensaba coma mamá. Seica non. Seica tiña medo, medo porque pensaba que papá tiña razón, e iso dáballe medo. A Afonso dáballe medo tamén, e aos seus país. A Afonso non lle gustaba o señor do bigote, a min facíame rir porque era baixiño, e cando se movía parecía unha marioneta, sempre ben peiteado.

Logo dun tempo eu xa pensaba que todo ía ben, pero non. Alí foi cando todo se torceu. Afonso mudouse, e a súa familia, e o señor Rodolfo, ou iso me dixera a miña nai. Había moitos homes con aqueles uniformes elegantes que tanto me gustaban. Deime de conta que eran bestas, bestas que arramplaban con todo o que vían.

Unha noite, Seica díxome que marchaba cos seus, que os axudaría, e que loitaría contra as bestas, e que volvería con Afonso. Seica volveuse valente ante a desgraza, pero Seica era xudeu. Seica non volverá.

***O peor pesadelo***

Espertei sobresaltada e suando, levanteime da cama, mirei para todos os lados e vin que estaba soa.

Non sei que soño ou pesadelo me fixo tremer de semellante maneira pero o certo é que estaba moi asustada e cunha sensación estraña ao meu redor, non me sentía soa nese cuarto tan pequeno da residencia de estudantes.

Camiñei paseniño cara á porta da habitación, puxen a miña man no pomo e dispúxenme a xiralo. De súpeto, paraliceime e un frío inhumano percorreu cada extremidade do meu corpo, cada vaso sanguíneo... tiña a sensación de que os meus ollos ían saír disparados das órbitas. Iso é o único que recordo desa noite, doutor Fernández.

O meu testemuño deses feitos foron moi pouco convincentes para os axentes e para os doutores do psiquiátrico.

Logo de quedar paralizada diante da porta da miña habitación, non lembro nada máis, pero polo que levo descuberto ata agora, o garda da residencia encontrou o cadáver dunha estudante no corredor. Deu a simple casualidade de que xusto cando el estaba a piques de chamar a emerxencias, escoitou bater algo moi forte contra o chan e ese golpe procedía do meu cuarto. Segundo a declaración oficial que recolleron os axentes, eu estaba branca como a neve e a miña expresión facial era de terror absoluto.

Todos pensan que eu sei o que pasou nese corredor e quérenme acusar de encubrimento de asasinato ...

***Tempus fugit***

Cando nacemos asígnannos unha data de caducidade.

Arrebátannos a liberdade dende que chegamos á vida e impóiñennos vivila sen saber se queremos.

Rexidos coma marionetas, interpretamos unha obra de teatro imposta, un best-seller único e digno de lectura pausada.

Perdemos o tempo e dámoslle unha importancia trivial, coma se fose unha fonte inesgotable.

Estou canso de que a vida se evapore diante miña, de que o reflexo do paso do tempo torture o meu corpo, de non poder tentar paralo.

Así que decido pechar os ollos, adiantarme ao inevitable. O meu corazón vai parar, a miña razón desconectar e vou descansar por fin. O frío corroe as miñas carnes, os latexos acougan, o sangue xéase e cófame por dentro coma se unha tormenta de area percorrese as miñas veas. Os meus membros, gangrenados e purpúreos, reflecten os síntomas do abandono do ser. Invádeme unha paz absoluta que me amansa e inquieta ao mesmo tempo.

Á medida que os segundos corren, comeza o abandono do corpo, o abandono do estado mundano, o comezo do traslado, da odisea que é pasar do lado dos vivos ao dos mortos, a ascensión da alma. Collín a derradeira bocalada de aire saboreando cada molécula do osíxeno que entraría naquela inspiración interminable e pausada.

Desistín de defender un rol que non me corresponde.

Implorei que me arrebatasen o sufrimento de seguir alongando máis o tictac do reloxo.

Endexamais volverei ter este pesadelo; vivir sen unha razón pola que levantarse todos os días, pola que loitar e defender como se merece o guiño do noso libro.

Maltratamos días, espaxamos horas, tentamos calmar os nosos remorsos con escusas e o único que se consegue é prolongar a estancia na fatídica obra da nosa vida.

*O varredor*

–Oe ti, oe ti, mozo, varre iso, várreo xa! Ou espantarasme a algún cliente!

–Perdoe, señor, pero non son o seu escravo!

–Anda mozo para iso pago os meus impostos!

–Vostede paga os seus impostos para que a rúa estea limpa e transitable, pero penso que me podo permitir elixir onde limpo primeiro e onde limpo despois, porque eu tampouco lle digo a vostede o que me fai falta senón que vou ao seu establecemento sabendo o que ofrece e non esixo nada.

–Mira, mozo, non me andes con charlatanería barata, que ti es un simple varredor.

–O certo é que si que son un varredor, que se dedica a limpar o que moitos individuos non saben nin depositar nunha papeleira.

–Canta charlatanería tes, mozo, está calado, se estudaras poderías falar.

–Sabe vostede se estudei eu? Eu son enxeñeiro, enxeñeiro aeronáutico. Que con todos os respectos creo que vostede non sabe nin o que é.

–Claro que o sei, é algo relacionado coa limpeza, non si?

–Xa vexo eu como vostede está tan sobrado de cultura, e iso que na súa librería está rodeada dela. Debería ler un pouco máis.

–Anda, mozo, anda, falas coa boca moi chea coma se coa aeronáutica puideras facer un avión.

–Ha, ha, ha, un pracer, señor, marchó que teño moito traballo.

–E ti mozo...



*Co soar das chaves*

Hoxe mamá sentounos a Marta e a min como a última vez. A súa voz soaba débil e aínda tiña os ollos inchados de chorar, ambas as dúas sabiamos que fora unha mala semana, así que se sentou e nos contou algo que xa sabiamos.

Falou de inxustizas, de cambios e dun futuro pouco predicible. Pensei ao momento nel, agora mesmo derrotado, e púxenme a chorar, seguramente porque sabería que non o vería facer, nunca o vira afundido e non quería facelo agora.

Marta tamén tiña os ollos vidrosos mentres seguíamos escoitando como mamá nos contaba o mundo que nos rodeaba, adoitabamos escoitalo doutras bocas, con bromas na televisión, chorosos nos informativos, mesmo en palabras técnicas dos libros; pero nada tivera sentido ata que non as oín da súa boca.

A tarde pasou e pouco a pouco a sensación de incerteza foise apagando, chamaron un par de veces e ela contoulles o mesmo que a nós, recuperara a súa voz, pero estaba segura de que os seus ollos seguían coa mesma expresión de cansazo, ata que as chaves soaron na porta, coma se se tivese pasado unha cortina entre os silenciosos corredores. A miña irmá e mais eu saímos disparados cara a el, o meu pai, que a pesar de estar esgotado, sempre nos recibía co mesmo sorriso, a pesar de todo, dos titulares, das inxustizas, dos cambios e das malas voltas da vida, das crises e dos malos momentos, sempre estaba alí, sempre quedaba o sorriso do meu pai.

*Xurxo*

Xurxo, é Xurxo dende hai pouco tempo. Antes era Jorge. Pero non un Jorge calquera, senón un deses Jorge con complexo de Pelayo. Ou iso cría el; Ou iso... crían todos.

Pero por sorte, para case todas as crenzas sempre hai un feito que lle pon fin a tanta trapallada.

Jorge ía con pantalóns curtos de cadros e levaba medias por debaixo dos xeonllos. Era o típico neno de colexio privado, parvo por natureza. E como é propio deses rapaces parvos, polas tardes ía xogar á praza da Ferrería, coa pelota que lle regalaran no seu último aniversario. Mentres, a súa nai tomaba un café con pastas na terraza do Carabela. Acompañada pola matinal crítica pouco construtiva sobre algunha que outra nai da cidade.

Pero un día, Jorge medrou, e todo o que lle foi negado na infancia, encontrouno na súa etapa universitaria. Cando marchou a Santiago de Compostela pasou, do casino e dos bailes de gala, ás cantinas e ás cervexas, ás borracheiras de viño á saída da facultade.

Deixou atrás o desexo de ser un prestixioso xuíz e conformouse con ser un simple funcionario nun estado de merda. Deixou atrás os aires de grandeza e con eles a Cayetano, a Borja e a Gonzalo. E fixo verdadeiros amigos, dos que duran dúas vidas se fose necesario. Coñeceu a Antón e a Xavier, e xunto a eles ao amor da súa existencia, Branca.

Apenas uns anos despois de deixar a Pontevedra das aparencias, como di o refrán, *cortou o pelo, e fíxose home*.

Converteuse en Xurxo, agora, avogado de oficio no xulgado núm. 1 de Cambados. Amigo da neve fronte ao mar nas noites de frío e xeadas.

**Toda unha vida xuntos grazas a aquel abril de 1931**

**Marzo de 1923.** Marisa era unha rapaza de 12 anos que vivía cos seus pais en Cambados. Era morena pero branquiña de pel. Era alta e delgada. E tamén era fermosa; a moza máis fermosa da vila. Seu pai era mariñeiro e estaba emigrado. Súa nai traballaba nas leiras e a Marisa tocábanlle todas as tarefas da casa.

Martiño era un rapaz de catorce anos que vivía en Cambados. Era louro, alto e moreniño de pel. Tiña os ollos verdes e todas as rapazas da vila estaban toliñas por el. Pero a el as rapazas non lle interesaban. A escola tamén lle importaba ben pouco. Soamente prestaba atención cando o mestre Gumersindo explicaba matemáticas. Encantábanlle.

**Abril de 1931.** Entre tantos berros de festexo, entre tanta música e tantos aplausos, Martiño topou con Marisa. Os dous levaban na man unha bandeira tricolor e mentres o vento a ondeaba, sorriron, colleron as mans e gritaron xuntos: VIVA A REPÚBLICA!

**Setembro de 1983.** Despois de toda unha vida, Martiño paseaba pola horta coa mirada perdida. A súa vida fora intensa e inesquecible, mais agora estaba só. Case sen rumbo e entre bágoas, entrou e colleu a derradeira carta de Marisa, gardada nun pequeno caixón da mesa do salón. Sentouse, colleu os lentes e comezou a ler:

*Ó meu amor, ó meu compañeiro de loita incansable.*

*Á persoa que conseguiu que sorrise todos  
e cada un dos días da miña vida.*

*Lévome de aquí o máis fermoso:  
un amor correspondido e*

*unha paixón que me mantivo viva e esperta  
cando só existían pesadumes e traxedias.*

*Marcho sen querer marchar.*

*Pero lévote comigo. Levareite sempre no corazón;  
a ti e á revolución que nos uniu.*

*Quérote Martiño. E o farei para sempre.*

*Toda a eternidade.*

*Marisa.*

Martiño pechou os ollos e sentiu que Marisa aínda seguía alí.

*Avelaiña*

É increíble o que somos capaces de facer por amor. E non falo só dun amor puro e verdadeiro, senón tamén do amor mentireiro. Dámonos en vida a quen cremos amar e, ben que nos pese, o único que recibimos é unha puñalada trapeira, que non doe pola forza, senón polo pesar.

Encaprichámonos rapidamente con calquera cousa, ata con imposibles que, ás veces, semellan estar ao alcance. É entón cando nos cremos donos de todo, comezamos a deixar de lado todo o que nos importaba ata ese momento, rompemos os nosos ideais, pisamos os nosos esquemas, e moito máis, dándonos en vida a un individuo que nin entende a súa e, aínda con todo, preferimos atracar no abismo das súas verbas.

O meu lacrimal activouse mais a miña dor quixo fundirse co vento. O único que agora fixaban os meus ollos era aquela avelaiña, e só pensaba en como un becho cun nome tan fermoso podía causar unha impresión tan agresiva. Non me importou e botei a correr detrás dela, baixo o abrente, porque era filla do demo. Así chamáronme cando nacín, só polo feito de ter o pelo de cor laranxa.

Atrapeina! Encántanme os lepidóptidos e tiña que formar parte da miña colección. Notaba o seu rebulir na palma da miña man. Non me gustaba a sensación. Podía ser miña se o desexase, pero notaba como a asfixiaba. Abrín a man axiña para deixala voar. O increíble foi que non se moveu. Alí estaba, pousada no medio da palma da miña man, sen botar a voar.

O certo é que me sorprendeu, pero sabedes que? Aquela avelaiña non era máis que o reflexo do meu espectro.

# **CATEGORÍA DE ADULTOS**



*Vivencias*

Acaba de ser o teu aniversario, desdobras un papel e riscas algo, sorrís e volves gardalo. Colles un libro pequeno (nada que ver cos da triloxía de *Cincuenta sombras*) e saes apresurada.

Non adiviño que argallas. Ignórasme porque estás incomodada comigo, aínda así, acompañote. Conduces distraída ata a praia da Lanzada, vai fresco e sentas na area para ler... eu adormezo. Esperto, vexo o libro *Adolescentes, manual de instrucións*, e ti, onde estás?

Achégaste ao mar cada vez máis embravecido porque se levantou o norte. Chámote e non escoitas. Que fas?

Mergúllaste entre as ondas. –Para, para! –grito e boto a correr. Apenas hai xente.

Teño medo, ao fin e ao cabo levas meses dicindo que estás de baixón; que os teus fillos esgotan a túa paciencia; que non te sentes individuo senón cabicha e *nai-teta*; e que che colleu por sorpresa tanto aquela pregunta da túa filla (Mamá, a ti que che gusta?), como aquel comentario do teu fillo (Estás amargada!). Recoñeces que tes o teu propio *Grey*, pero cando non atopas nel todo o apoio que precisas pensas: “teño un Gregorio”.

Non chego a tempo. Oh, non!

De súpeto saes, coa roupa empapada, esgotada, sorrís, levantas os brazos e gritas:

–Siii, fíxeno.

Camiñas ata a toalla, sacas o papel da mañá, riscas “- Bañarme vestida no mar”; e agora podo ler “Cen cousas que facer antes dos cincuenta”.

Estás feliz, mírasme e fundímonos nun só ser. Por fin gañei eu, o teu eu positivo, tantas veces rexeitado en prol dese vicio chamado tristeza.

Tes moito traballo por diante; quedan noventa e oito cousas que facer de aquí a un ano. E logo... seguir vivindo con ilusión, volver a ter ganas de ter ganas.

Marta, pechas o ordenador e riscas da lista “- Escribir un relato”. Quedan noventa e sete.

***O bico***

Cando Marina viu por primeira vez o cadro de Klimt titulado *O bico* quedou sen palabras. Ese cadro reflectía dalgún xeito a súa relación con Xoán. No cadro aparecían un home e unha muller fundidos nunha aperta. A muller, axeonllada, déixase arrastrar cos ollos pechados polo amor nos fortes brazos do home, que adopta unha postura claramente dominante. Pero nese bico eterno había algo inquietante para ela. Tardou un tempo en decatarse qué era, pero finalmente e logo de moito matinar, deu coa resposta: a muller estaba a punto de caer polo cantil. Este era, sen dúbida, o elemento inquietante.

E así era como ela se sentía na súa relación con Xoán. Arrastrada polo amor, a paixón que parecía engulipala por momentos, sempre ao borde do abismo e atrapada, encadeada por ese sentimento tan forte que sentía por Xoán.

Xa non levaba a conta das oportunidades que ela lle regalara, das veces que el lle porfiara non defraudala, das innumerables veces que prometera non poñerlle a man enriba de novo. Mais, cada día Marina erguíase chea de medo pola incerteza do día que lle agardaba. Temía os insultos que lle abrían fendas moi fondas, as humillacións, os celos enfermizos de Xoán, as malleiras que se viñan repetindo dende que o botaran do traballo había dous anos. Volverase outra persoa...

O seu amor e a súa relación de parella desenvolvíase día si e outro tamén ao borde do abismo, entre luces e sombras, coma os cadradiños negros e grises que na obra de Klimt contrastaban cos circuliños de alegres cores.

Ata cando podería aturar esta situación? En nome da vida, tiña que rebelarse contra a violencia que viña padecendo.



*Mágoa*

Corría entre a herba e sentía ao seu redor o cheiro engaiolante da primavera que comezaba a despertar. Non era quen de ver máis alá de tres metros, unha certa brétema dunha cor imposible de describir, azul cincento, azul escuro, envolvíao todo. Estaba a correr e decatouse que non sabía moi ben por que. Non sentía angustia, así que non debía estar fuxindo de nada ou de ninguén. O que tiña ben certo era que non debía pararse. Canto tempo levaría nesta carreira? Non se atopaba cansa, pola contra, sentía unha lixeireza nas pernas descoñecida ata agora. Unha idea cruzouse nos seus miolos, unha tolería que a fixo rir a gargalladas. E se aceleraba un pouco o ritmo? Podería levantarse do chan? Quen a vería! Flotando uns centímetros por riba do chan. Agora si que a fixera!, non podía parar de rir imaxinándose dese xeito. Sería mellor deixarse de parvadas e ver a onde se dirixía... Que pasaba agora? Oíu un son atronador, o brazo dereito moveuse cara a un lado coma un resorte, coma se non fose dela, coma se alguén pulsase o botón dunha boneca. Tamén sentiu unha opresión no peito, *my heart has just missed a beat*, pensou. De súpeto, todo se volveu cincento escuro, non estaba certa de poder dicir se seguía naquela herba. E falara en inglés? Si, certo, ela sabía falalo. As cousas empezaban a aclararse ao seu redor. As pernas volvéranse terriblemente pesadas. Abriu os ollos e mirou ao lado. Marcaba as 7.50 h.

*Chisca e Chispa*

Chisca e Chispa son dúas estrelas moi brincadeiras. Todos os días despois de cear saen xuntas polo ceo buscando amigos cos que xogar.

–Non vos afastedes moito... –dilles súa nai– O espazo é moi grande e podédesvos perder.

–Non teñas medo mamá. Estaremos ben.

Atopáronse con Poncho, un cometa amigo, e propuxéronlle algo:

–Poncho, ti que es máis rápido ca nós, pódenos subir á lúa? Sempre está soíña e aburrída. Co gordecha que está non pode voar coma nós –di Chispa.

–A lúa está moi lonxe. Vosa nai vaivos botar en falta –di Poncho.

–Non, está entretida tecendo unha saia de luces nova para a noite meiga e non se decatara de que faltamos –suplica Chispa.

–De acordo. Subide no meu regazo e... a voar!

Despois dunha longa viaxe, chegaron ao destino.

–Ola lúa Lunela! Vimos xogar contigo.

–Benvidas estreliñas! Estiven soa todo o inverno. As nubes non me deixaron alumar a terra. O vento empuxábame con forza e o sol deixou de quentarme por momentos. Só vós, as estrelas, dádesme vida.

–Pobre Lunela! Unha lúa tan fermosa e tan triste –pensa Poncho.

Chispa, Chisca e Poncho empezaron a subir na lúa, a facerlle cóxegas, a brincar ao seu redor e Lunela estaba feliz. Había moito tempo que non se ría tanto. Poncho decatouse de que xa era tarde:

–Chisca, Chispa, temos que volver!

–De acordo, onde está Chisca? –di Chispa.

–Chisca, Chiscaaa... –chaman os dous amigos.

–Estou aquíí...!

Chisca quedara présa entre dúas estrelas grandes que durmían placidamente e non podía saír. Os seus amigos axudáronlle e cando chegaron á casa, as outras estrelas xa estaban apagándose, esperando a que a noite seguinte as deixase lucir os seus fulgores.

***Gaivotas á terra e mariñeiros a...***

Xurxo estaba contento. As gaivotas voaban por enriba dos tellados. As nubes ían tan á présa cara ao monte do Xestal que mesmo se atropelaban unhas a outras cando topaban coa cima. O vento zoaba nas fiestras e tentaba entrar por algunha abertura facendo que os pelos do seu floco se alporizasen. De cando en vez unhas pingueiras grosas esvaraban polos cristais deixando un camiño marcado na superficie que Xurxo seguía co dedo. Achegábase unha boa treboada e dende a fiestra do salón, Xurxo vía como a súa nai se daba présa en recoller a roupa do tendedeiro. Facíalle graza ver como loitaba coas sabas e como as perneiras dos pantalóns semellaban querer botar a correr, escapando das pinzas que os suxeitaban.

De fondo escoitábase o bruar das ondas, os estoupidos que resoaban cada vez que petaban contra os cantís e que enchían de espuma o dique do peirao. Os barcos estaban ben amarrados e as gamelas balanceábanse dentro da dársena coma se bailasen ao compás do zoar do vento. Algunha gaivota durmía na proa, abaneada pola batuxada da quilla contra o mar coma se estivese nun berce.

Ás seis e cinco abriuse a porta do salón. Xurxo sorriu. O seu pai entrou e sentou ao seu carón. Viña do peirao, de comprobar os amarres da gamela e de botarlle unha ollada ao Chirleu, o barco que tiña a medias co seu irmán.

–Que, Calafate!!! Como che foi o día? Achégase unha boa treboada. Xa sabes, meu, o dito: “Gaivotas á terra e mariñeiros a...”.

Xurxo sorriu. Eran as tardes que máis lle gustaban. O seu pai na casa por non poder saír ao mar. Un bocadillo de chocolate e o seu pai léndolle algún libro e representando cada un dos personaxes entre algún grollo de cervexa.

Xurxo era feliz.

***Crecendo***

O teu choro, marabillosa ferverenza, saudou este mundo aerobio hai tres horas. “Iso é felicidade”, di papá, mirando a túa cara apoiada no meu seo. Dormes. E nós, enfeitizados coas túas fazulas, non podemos apartar os ollos de ti; non somos quen de sufocar o vendaval que provocas no noso interior. A túa mirada invade espazos recónditos. O roce das túas manciñas revolve sentimentos contraditorios e o teu sorriso estoupa foguetes de ledicia no medio do noso peito.

Tras os cristais, o vento de marzo irá dando paso ás augas de abril...

Semella que aconteceron estas lembranzas hai nada, e hoxe agardamos contigo a chegada do transporte escolar que te vai levar ao “cole de maiores”. Canta vida che agarda na escola!... Vivir é aprender, cada día: do/a “profe”, dos compañeiros e compañeiras, dos logros, dos erros, ruliña. Dis, en alta voz e case silabando, o nome do novo colexio. Estás chea de ilusión. Sobes ao autobús. Dende a beirarrúa axitamos a man para despedirte e ti devólvesnos un cálido bico: agarimos que permanecen cinguidos no ar mentres te vas.

E aquela atmosfera de calor primaveral con arrecendo a festa, que nos envolvía na habitación do hospital hai seis anos, regresa calada e serenamente.

***Porque así o decidín***

Por que vives? Se fixésemos esa pregunta moita xente respondería “Porque na vida hai moitas cousas boas”, “Porque teño alguén moi importante ao meu carón” ou “Suponse que é o que temos que facer, non?”. Chámome Enma e eu vivo porque así o decidín.

Admito que é unha resposta curiosa. Ninguén decidiu nacer, pero si podes decidir seguir vivindo. Hai persoas que só ven desgrazas e dor na vida, polo que se suicidan. Houbo un tempo que eu tamén pensaba así. Cando tiña catorce anos quixen suicidarme.

Foi un sábado á noite, mentres meus pais estaban nunha cea de empresa. Estaba no cuarto de baño cun coitelo apoiado sobre o pulso. A miña man dereita tremía. Por que non era capaz de facelo? Xa pensara moito nisto e era a mellor opción. Pero non podía esquecer aqueles ollos verdes.

Dous días antes, Aleixo, un rapaz da miña clase, pedíume ao saír do instituto se me podía acompañar andando ata a miña casa. Pareceume moi estraño pois nunca antes falara comigo despois das clases, pero aceptei. Estivemos paseando un bo anaco sen falar ata que sentamos na herba ao carón dun parque infantil. Entón díxome:

–Meus pais vanse separar.

Non o entendía. Por que estaba a contarme iso? Que lle podía responder?

–Durante o curso vivirei coa miña nai aquí, en Pontevedra, e durante as vacacións co meu pai en Santiago. Sinto contarche todo isto. Sei que resulta raro pero é moi doado falar contigo. Grazas por escoitarme.

A pesar de todo o que lle acontecía, Aleixo mantiña na súa mirada unha pinga de esperanza. Parecía expresar “Todo vai ir ben”. E se el tiña razón? Quizais aínda había cousas que debía vivir. Pouco a pouco apartei o coitelo. Decidín vivir.

***Sabor salgado***

Nada máis levantarme poñía o traxe de neopreno, suxeitaba as bombonas e mergullábame no fondo. Sempre tiven medo ao mar, aínda que nacera nunha zona costeira as experiencias coa auga non me traían boas lembranzas, lendas de naufraxios e barcos afundidos rodeaban a miña historia persoal.

Mais agora o mar era de cor azul todo o ano, e a temperatura da auga acariciaba o meu corpo coma unha manta tibia na que necesitaba envolverme cada día. Atrás deixara noites sen durmir e días atormentados, cheos de pensamentos que non podía afastar; dicían, “toma as pastillas”.

Pero as sombras sempre volvían e así me acompañaban día tras día.

Ao cruzar, o coche apareceu de súpeto, cando espertei estaba chea de vendas polas pernas e o meu pai durmía no sofá do lado. Cando saín do hospital dixeron que un clima temperado podería calmar as dores, e así foi como cheguei a esta illa.

Non era fácil estar soa nun lugar tan turístico, por iso as primeiras horas do amencer eran o momento no que o mar e mais a area convertíanse nun refuxio amigable e reconfortante para o corpo e a miña alma.

Como chegou o mergullo á miña vida, é outra historia, quizais as pernas precisaban sentirse libres do meu peso e buscaron o mar de forma natural.

Cando estaba mergullada sentía que abandonaba o mundo. Os pulmóns acostumáronse a respirar o aire da bombona e o meu corpo fluía ao son da marea; o tempo pasaba limpo, puro. Os peixes e os fondos mariños eran parte desta existencia; coma se estivera destinada a volver de novo ás orixes, ao mar...

Pero aquel día un obxecto chamou a miña atención, estaba entre os fondos, achegueime, limpei a superficie coa man, e de súpeto apareceu aquela cabeza...

***Monte Casteliño***

O home do sombreiro marrón afogaba nun mar de suor. A camisa de cadros azuis escurecera e inchara coma o arroz. Non fora boa idea subir ao monte Casteliño ás catro da tarde co sol de agosto caendo a cachón. Non corría nin unha chisca de aire. A costa íase empinando e o home vello do sombreiro marrón comezou a repasar a súa vida dun xeito livián e fugaz.

Pouco a pouco foi lembrando a súa nenez, cando subía ao Casteliño, de cando en vez, coa esperanza de ver o mar. Cando era neno, a aldea era todo o seu universo. Nunca chegou a saber que para ver o mar de Vigo con claridade só tiña e subir a serra ata o seguinte coto, uns centenaes de metros máis arriba.

Cada paso era un penar, cada metro un imposible. Daquela, a calor tornouse insoportable. Pero aquel era un monte pequeno, e por fin chegou ao cumio. Foran moitos anos alén do mar agardando por aquel intre.

Por uns segundos contemplou a nova capela erguida no alto do monte, grazas á achega dos emigrantes, especialmente aos de Salvador de Bahía, como testemuñaba unha inscrición gravada na pedra que leu con dificultade. Volveu a vista ao lonxe e descubriu perdido entre néboas un brillo de prata perdido entre os montes. Era aquel mar que atravesou sendo mozo, aquel mar que viña de cruzar de novo para retornar á terra. O corazón do home vello do sombreiro agarimouse cun fugaz pero profundo raio de ledicia. Mais, de seguido outro raio, este de dor profunda, partiulle o peito.

Un numeroso grupo de xente que se xuntaban aos sábados para facer andainas atopou un home morto ao pé da Capela, o sombreiro marrón non apareceu, a pesar de que non era día de vento.

*Penúltimo capítulo*

Téñote ao carón, sorrindo como sempre che pedín que fixeses, e crávasme os teus ollos que brillan cun gris-azul máis transparente ca nunca. O aire prega tocarte namentres se aparta ao teu paso, faiche honras de dama e agradece o teu aroma ou tacto ou o simple agasallo de te envolver.

Camiñas serena, comigo, e as túas pegadas marcan o ritmo do mundo que vira baixo dos pés. Todo semella efémero arredor, non pousas a vista en nada por medo a que desapareza, e o peso todo dos teus ollos cae outra vez sobre min: a túa metade eterna.

A natureza cólmate, a terra toca o mar que toca o ceo que apenas tocas, e pensas que es -que somos- un anaquiño máis de todo canto nos dá abrigo ou camiño. Agárrasme forte, nunca tanto te sentín, as túas mans non tremen, malia o esforzo ou a emoción da ledicia que xuraches para sempre.

O silencio fainos un oco, avanzamos en calma, escorregando ata a cima, e lamentas un pranto que te acada polas costas, acaso dous. Convencíchelos a todos para que nos acompañen. Cega o solpor. Chega o momento. Abres a caixa de madeira. Roubáchela baixo da almofada onde estivo cada noite, cos nosos recordos todos, dende que ma regalaches o primeiro día. Miras as miñas cinzas por última vez -eu quixen de cadaleito esa caixa que foi o meu berce- e sopras a miña vida dende o faro ao océano para darme o derradeiro voo. E entrementes me dilúo no teu alento recoñezo o sorriso que sempre me prometiches, e entendo e celebro que pagaría a pena morrer mil veces se fose para ter este último segundo contigo.



***Normas infrinxidas***

Había normas, normas que non se cumprían, que nunca se cumprían sobre todo a partir da unha da tarde. O silencio só se vía interrompido polo indiscreto “croar” gástrico de vinte e cinco esfameados bandullos infantís. Fora unha longa mañá chea de tarefas, de adquisición de novos coñecementos: aparello dixestivo, calorías, tipos de alimentos, pirámide alimentaria...

Ela está inqueda, dirixe miradas de esguello á dereita e á esquerda. Nerviosa agocha a man debaixo da mesa, lentamente, con disimulo, ata asegurarse de que ningunha testemuña observa a súa acción perversa. Entón, ergue a súa mirada camaleónica e cun xesto de relampo mete un tentador torresmo na boca que trisca suavemente e fúndese no seu interior provocando un intenso pracer. A adicción faille repetir e repetir a acción, sempre coa confianza de non saberse descuberta. Un recendo penetrante vai percorrendo as sensibles pituitarias infantís. A necesidade e o desexo ponos axexantes.

De súpeto o silencio rómpese, a concentración tamén. O perdigueiro da clase exclama:

–A que cheira? Profe, están comendo!!!

A cor vermella das súas fazulas deláttaa, remóvese no asento, súanlle as mans, unha fría gota esvara pola súa fronte ata desfacerse na cella. A calor que sente é intensa.

A profesora impón orde e silencio. Nun xesto involuntario érguese sen decatarse de que a bolsa dos saborosos torresmos cae do seu regazo.

*O cheiro do seu recordo*

Alí estaba, prostrada na cama que a levaría ao paso dun mundo descoñecido, tantas veces temido e, porén, neste momento tan desexado. Xa non había volta atrás, aquel cancro estaba facendo esquecer os motivos polos que, ao longo deste último ano, se aferrou á vida minuto tras minuto... Antón, o seu marido, e Iria, a súa pequerrecha, xa non a poderían axudar a sacar forzas do fondo do seu propio medo, porque a hora de partir estaba próxima. Sentía a calma de saber que fixo todo o posible por saír adiante, e a tranquilidade de entender que o sufrimento das persoas que máis quería ía a transformarse nunha dor pola súa perda. Sabía que o recordo dos momentos máis prezados, dende a vida, serían máis levadeiros que o sentir constante de que a morte estaba por vir.

De súpeto, a mirada da súa meniña de tres anos, que a observaba dende a fenda da porta, fíxolle saír dos seus pensamentos. Cada día, alí onde estivese, botaría de menos, tanto, que moitas veces tería que pasar a raia entre ambos mundos para colarse nos seus sonhos e poder estar xunto a ela. No entanto, Iria só tería dela recordos creados. Necesitaba que houbera algo máis alá de memorias evocadas, que lle permitise sentir o seu propio recordo.

A pequena, botou a correr lanzándose ao seu regazo, abrazándoa moi forte, coma se non quixese separarse nunca dela:

–Miña nai-ciña, que ben cheiras!

E aí atopou a resposta, mercaría un bote do seu perfume, para que cando o destapase sinta de novo a emoción de estar abrazada a ela. Cando iso sucedese, posiblemente, esa noite ao espertar dos seus sonhos tería a certeza de que a súa nai acudiu á chamada, porque aínda podería escoitar no seu corazón o cheiro da súa presenza.

*O primeiro amor*

Alí estaba eu, soa nun parque recóndito, que me levaba a ningures, a miña vida xa non tiña sentido sen o meu amor. Por que me deixou? Nunca estivo namorado de min? Millares de preguntas percorrían a miña mente, xamais pensara nunha vida sen el. Quizais non fun a mellor moza, tiña as miñas rarezas pero era unha boa rapaza, a súa familia quería-me. Estará namorado doutra? Estaría-me enganando todo este tempo?

O meu corazón non resistía esta dor, queimábame por dentro coma unha fogueira que se vai avivando por momentos. De súpeto alí estaba, no parque, axexei entre as follas dunhas bonitas e grandes árbores do parque. Que facía el alí? Creo que me viu, merda, parezo parva, non podía caer máis baixo, deixoume e eu sigo pensando nel. Por sorte fora unha falsa alarma, inda non me vira. De repente, vira a ela, ao seu lado, unha rapaza de cabelo longo e acastañado, era guapa pero non máis ca min, non mo podía crer, deixoume por ela, non porque eu non fora boa moza ou porque o noso amor se desgastara, deixoume por outra. Acaso non era suficiente para el? En pouco tempo vinme fuxindo, en dirección a non sei onde, fuxindo do mundo, do amor, da vida que perdera. De súpeto choqueei contra alguén, que dor de cabeza, vía borroso, aquel mozo estábame falando pero non entendía nada, senteime no chan e pouco a pouco foi pasando a dor e comeceino a reconecer, era o meu primeiro amor, acabáramos a relación cando el fora estudar a Toulouse. Perderamos o contacto por completo, así sería máis sinxelo. Pero que facía aquí? Viría porque non me esqueceu en estes tres anos? A miña cara cambiou de súpeto e un anaco de esperanza iluminou o meu corazón.

*Aquela bóla*

Aquela mañá de sábado sentíase especialmente nostálxico, máis, se cabe, do habitual. Os anos, a certeza de que o futuro estaba amañado e de que o presente era un timo espertaban nel un sentimento de saudade daquel pasado idealizado da súa infancia, onde existían Reis Magos que viñan de Oriente, onde o seu pai era un superheroe capaz de todo, onde ser rico era ter unha bicicleta; o maior pracer, un xeadado de crema tostada; e o maior tesouro, un feixe de cromos no peto do pantalón. Aquela mañá decidiu subir ao faiado e abrir o baúl dos xoguetes.

Observou, co sorriso de quen foi neno, as pistolas de *cowboy*, a estrela rota de *sheriff*, os coches de calamina, as figuriñas de indios e vaqueiros, o maltreito forte Comanche e a caixa dos xogos reunidos Geyper. Remexeu entre os xoguetes e os recordos e viuna; unha antiga caixa de lata de Colacao.

Abriuna, meteu a man dentro e sacou ao chou unha vella bóla. Quedou mirándoa fixamente e, movéndoa entre os seus dedos, observou a sinuosa forma multicolor que había no seu interior, hipnotizado polos reflexos que a luz proxectaba nela e polos recordos que, como nunha bóla de cristal, afloraban en cada volta que lle daba.

Sentou no chan e baleirou a caixa entre as súas pernas. Un montón de bólas de cores rodaron polo chan. Recolleunas e meteunas novamente na caixa de lata, todas menos unha, aquela bóla. Gardou a caixa no baúl e baixou do faiado. Saíu á rúa, abriu a man e volveu observar aquela curtida bóla. Sentiuse vivo, mellor, esbozou un lúcido sorriso de felicidade, gardouna no peto do pantalón e, sentindo a súa fría forma esférica contra a súa perna, foise camiñando amodo mentres cantaruxaba en voz baixa: “del barco de Chanquete no nos moverán...”

### *A fada sen nome*

Hai moito, moito tempo existía unha fada sen nome. Era unha fada pequeniña e moi bonita, con ás de bolboreta. A nosa fada tiña moitos amigos entre as demais fadas e os animalaiños do bosque e por iso estaba agradecida, pero anhelaba ter un nome como as demais. Unha noite, mentres paseaba entre as flores nocturnas viu unha luz moi brillante entre as madreseivas.

–Que poderá ser –preguntouse.

E sen máis achegouse amodiño, apartou as ramas pouco a pouco e para o seu asombro encontrou... Unha estrela! Alí escondida había unha estrela chorando.

–Por que choras estrela? –preguntou a fada.

–Choro porque non teño cola. Todas as demais estrelas a teñen e cando voan pola noite todo o mundo pode admirar a súa bonita cola, non obstante, cando me ven a min rin. Por iso non quero saír nunca máis. Pasareime as noites aquí agochada para que ninguén poida burlarse –contestou a estrela.

Á fada deulle moita pena e quixo axudala:

–Xa sei que imos facer. Ti subirás ao ceo e eu seguireite, axitando as miñas ás. O po de fada brillará tanto que parecerá que tes a cola máis bonita de todas.

Dito e feito, a estrela secou as súas bágoas e dun salto subiu ao ceo nocturno, a fada seguiu e comezou a axitar as súas ás, as cales despedían cada vez máis luz grazas ao po da fada. A estrela púxose moi contenta e bailou de felicidade, mentres a fada a seguía. Das súas ás saían faíscas de todas as cores ata que o ceo se iluminou cun arco da vella que seguía ao astro alá por onde ía. Dende entón as dúas amigas repetiron o mesmo todas as noites. As xentes levantaban a vista admiradas ante a beleza daquela estraña estrela de luz multicolor e exclamaban:

–Que luceiro tan bonito! E que fermoso ronsel leva detrás!

Así aconteceu durante moito tempo e ninguén se cansaba nunca de mirar á estrela e ao seu ronsel de cores que danzaban no ceo arredor de todo o mundo e alá por onde ían sempre se oía o mesmo:

–Fixádevos nesa estrela, que ronsel marabilloso leva tras de si!

Tantas veces se repetiu a mesma historia que un bo día a estrela deuse conta de que a súa amiga, a fada, por fin encontrara un nome. E sabedes como pasou a chamarse a nosa fada dende entón? Pois claro, a fada chamouse Ronsel.

***Cousas importantes***

Onte foi un día moi especial, cunha tarde de chuvia e aburrida de non facer nada, decidín subir ao faiado. Furgando no pasado, chamoume a atención unha caixa de madeira cunha asa de coiro e unha nota que poñía "cousas importantes". Abrín a caixa e entre varios libros encontrei un caderno de man. A curiosidade levoume a ler as primeiras follas e sorprendida quedei, nunca cheguei a pensar que o meu avó escribise cousas maravillosas, cheas de valor, razón e, sobre todo con xeneroso sentimento.

Destaco uns parágrafos onde dicía:

"Loitei pola liberdade, polo amor e pola miña cidade. Tres razóns de importante necesidade para vivir, sentir e poder en paz, morrer. Estou inmensamente namorado da vida e de xente, á que admiro, respecto e dou grazas por facer de min unha gran persoa chea de principios e valores."

"Chámase Pontevedra a miña cidade de sempre, é a miña querida, é a miña terra presente. Rúas empedradas con vistosas fachadas, arcos fermosos con vistas ás prazas cheas de mozos e mozas."

"Teño necesidade de saber, o que mañá me preguntarei. Teño a necesidade de ter, o que mañá necesitarei."

Xa se fixo de noite. Trouxen o caderno comigo. Mentres preparo un café, aséome; logo deitareime na cama para seguir lendo estas cousas que eran importantes para o meu avó, que agora o son para min e que co paso do tempo espero que sexan importantes para toda a xente que lea estes xenerosos e valiosos parágrafos.

*Fosforescencia*

Viuna pasar outra vez aquela tarde. A vez primeira xa caeu cativo da súa beleza e o seu estilo ao camiñar pola area mollada da praia, coa súa cabeleira longa e escura, recente saída da auga.

–Ola. Non te vira nunca por aquí.

A súa pel estaba bronceada á perfección. Os seus trazos eran fermosos e Adrián dedicábase a recordar e admirar o seu encanto.

Agora que a vira de novo atreveuse a pedirlle que ao anoitecer quedasen no paseo da praia.

–Fíxate! Que son aquelas luces na beira do mar? –asombrouse Adrián.

–Eu diría que son peixes fosforescentes. É a primeira vez que vexo tal cousa.

E cada noite foi amando a súa pel canela e os seus olliños tan azuis, pensando que era ben digna de todo o seu cariño. E levouna de paseo en coche ata cen veces ou máis; deulle as súas noites, os seus días...

Mais o tempo pasou e xa non estaba namorado dela, pois considerou que era o que ela lle daba a el e só atopou conversas e olliños que xa non lle dicían nada novo de non saber escudriñalos, e pasábase moitos momentos a perseguir coa mirada as outras mozas que quizais fosen máis apetecibles.

Nunha daquelas nocturnidades soñou cos peixiños fosforescentes. Nunca volveu a velos, ao igual ca ela. Desexaba crer que Estela si o quixera. El só buscara ese halo de luz reverberante que non ha de permanecer.

*A castaña que quería ser ourizo*

Non me gusta a cor dos meus ollos, esa que á miña nai tan fermosa e deliciosa lle parece. Será porque lle encanta o chocolate, sexa branco ou negro, en libra ou en galleta, en cunca ou en cuncaza... E será pola morea de chocolate que me chegou cando eu era unha pequena onza polo que me quedaron estes dous ollos achocolatados. Mais a min gustábame máis que fosen doutra cor, xa fose azul coma o mar, en calquera das súas tonalidades, dende o turquesa ao mariñeiro; ou coma o ceo, tan celestial e infinitesimal, inocente coma min... Ou verdes coma os dos meus pais, que cambian de cor en función da luz que lles dea. Pero quixo Dona Xenética darnos tan uniformemente acastañados que mire por onde os mire sempre permanecen iguais: castaños.

Castaños coma unha castaña gordiña e redondiña, brillante e puidiña... que me recorda canto me encantan a min as castañas no magosto, crúas, cocidas ou asadas, quentándome as miñas pequenas e repoludas mans no outono; pero o que máis me gusta é cando vou de excursión cos meus pais a recoller esa delicia ao monte, remexendo entre as follas para atopar os ourizos máis grandes e os máis tenros, ata conseguir abrilos coas botas dos meus pequeniños pés e metelos na cesta, competindo por ver quen atopa a castaña máis grande. E, sabedes quen sae sempre gañando? Pois claro: eu. Porque teño dúas castañiñas ben grandes e fermosas na cunca dos meus ollos. E, o que está claro é que, aínda que a cor non a herdase dos meus pais, estes sempre me iluminan coa súa mirada, tan rica e tan doce coma o chocolate!



*Friedrichstraße*

Saía de Capri cunha bandexa de pasteis que botaban tal arrecendo a domingo que chegaría con ulilos para sentirse nun día de Ramos. Na rúa da Oliva, pasou por Pedestal, onde lle compraran aqueles zapatos de charón que adoraba de neno, cando Sofía se cruzou co seu despiste e propúxolle, rindo a esgalla coa súa cara de sorpresa, que foran ao vermú do Carabela para poñerse ao día e falar das cousas, que había moito que non sabía del, tan encerrado a estudar como andaba sempre.

Na praza da Estrela non cabía un alma, así que agardaron un intre mentres decidían se achegarse ao Chiruca. Non deu tempo ás dúbidas pois Nicolás mirounos desde unha mesa preto da fonte e chamounos. Nicolás acaprou a conversa con anécdotas nocturnas predicibles e simpáticas máis polo xeito que se daba que pola substancia dos feitos. Sofía ría esquecendo a promesa de falar das cousas propias e el acomodouse sen perder de vista os pasteis, a calor e o risco das pombas.

Saltaban os cacahuets ao chan movidos polos brazos alterados de Nicolás, e caían dúas cañas máis na calor da conversa cos amigos naquel domingo de maio. Falou Sofía dunha canción dos Vetusta, “Copenhague”, aos que oíra na mesma Ferraría naquel verán. Sofía propuxo mil viaxes xuntos que engaiolaban porque ela era quen de marchar sen pensalo. Antes de que Nicolás se erguese para irse, el explicóullelo todo aos amigos, a uns metros de distancia das caras eternamente atentas do Pazo dos Barbeito. Eles calaron sorprendidos e Sofía díxolle cun amargo na voz que nunca lle oíra:

—Se iso te fai feliz.

Logo colleu a súa carteira e baixou as escaleiras do metro que o levaría ao 42 da Friedrichstraße, lonxe, moi lonxe da súa vida en Pontevedra.

*Xián, o neno que quería ser superheroe*

Xián era un neno normal: vivía nunha cidade normal, nunha casa normal, e estudaba nun colexio normal... o que se di un neno normal. Pero Xián tiña un enorme anhelo, quería ser un superheroe, coma aqueles que nas *pelis* e nas tiras de banda deseñada voaban a enormes velocidades, tiñan a forza de mil homes e as habilidades posibles para facerlles a vida imposible aos viláns.

Ás veces, Xián acostumaba a pórse o seu pixama favorito cos calzóns por riba e cunha toalla a xeito de capa. Entón diante do espello facía as poses de superheroe que tanto lle gustaban. Un día, Xián cortou unha máscara da súa irmá para facer un anteface para o seu atavío de superheroe. Estaba cuspidiño, cuspidiño a aqueles superheroes de banda deseñada. A súa irmá informouse da desfeita da máscara unha vez que descubriu no lixo os seus restos, e vaia a que se montou!

O cuarto de Xián estaba cheo de contos, bonecos e fotografías dos seus superheroes favoritos, e cando o seus compañeiros ían xogar co balón á avenida de Santa María, Xián sentaba nun dos bancos para ler as aventuras daqueles individuos de avultados bíceps e longa capa ao vento... que estilazo tiñan!

Xián, entón, pechaba os ollos e soñaba esperto: outeaba dende o alto das torres da Peregrina, para logo lanzarse a voar sobre a praza da Ferraría, a da Verdura, a de Méndez Núñez... pasaba como un paxaro sobre os seus compañeiros que paraban perplexos de xogar e descendía pousándose sobre o campanario de Santa María. Entón, Xián, chegado a este momento no seu maxín, abría os ollos e comprendía que aquela cidade que sobrevoara era tan ben feitiña que prefería ser Xián en Pontevedra que un superheroe en Gotham, Metrópole ou Nova Iorque.

**“Souvenirs” da nenez (dende a madurez)**

Arroia. *Il tombe des hallebardes*, segundo o avó Noni, que estivo aló no país galo perante os anos 50. Eu estou ao enxoiito. Fechei a porta de fóra, deixei aberta a pequena xanela. Acompañanme esta tardiña de inverno os meus amigos: Metralletas, Marruxo, Negrito e Lupita.

Nun colchón de carocha, no corredor, desfrutamos do espectáculo musical máis perfecto: a natureza. A auga corre pola presa e peta na lata moldeada polo avó para canalizala cara ao pío; as grosas gotas de choiva caen con forza nas tellas rubias do cuberto. Fanlle os coros o son do vento, dos animais...

BLAM, BLAM, BLAM, BLAM PAF, PAF, PAF SCHH, SCHH, iii, iii OINC....

De súpeto, a auga entra por debaixo da porta e tamén unha píntega negra e amarela. Lupita espántaa cara á eira. Nese intre entra en escena un novo instrumento: a tronada. BROUM, BROUM, BROUM... Aínda está lonxe; 1, 2, 3, 4..., mais xa vemos os efectos visuais: lóstregos que semellan fogos artificiais. Semellante abano de cores non está á venda! Os cans acurrúncanse a carón da lareira, debaixo do forno, co rabo entre as pernas, mentres que os micos seguen quedos a rosmar. Aloumiñámonos, desfrutamos deste tesouro auditivo e visual. Sabemos que despois da tronada vén a calma, que o primeiro que sae é o sol e que ata se respira mellor!

–*Allez, petite*, imos debullar o millo e de paso cóntoche o conto da “boa pipa”.

P.E.: Son unha meniña, dunha casa calquera, dunha aldea de Galicia. Bebo das súas fontes, aliméntome da riqueza das súas terras, dos seus arrecendos, das súas cores, das ensinanzas e humildade das súas xentes, da súa lingua, dos seus costumes, da intuición... Onde se puido atopar mellor complemento de aprendizaxe?



## ÍNDICE

### CATEGORÍA: Primaria

<b>Mariña Vázquez Mosquera (gañadora).</b> <i>A histeria de Alberte</i> .....	11
<b>Jonás Abad Castro.</b> <i>Viaxe a Europa</i> .....	12
<b>Noa Abad Castro.</b> <i>A árbore con patas</i> .....	13
<b>Lucía Álvarez Pardo.</b> <i>O monte Seixo non para</i> .....	14
<b>Nuria Amoedo González.</b> <i>O misterioso monstro</i> .....	15
<b>Rosa Do Carme Araújo Castelo.</b> <i>Un día sen fin</i> .....	16
<b>Miguel Bralo Latorre.</b> <i>Os homes de flores</i> .....	17
<b>Iván Búa Núñez.</b> <i>A pedra máxica</i> .....	18
<b>Sara Castro López.</b> <i>De vacacións en Siberia</i> .....	19
<b>Irene María Chamborro Martínez.</b> <i>A rosa que quería ser humana</i> .....	20
<b>Alba Civeira Cerviño.</b> <i>A vaca máis rara de Vacundria</i> .....	21
<b>Yaiza Couto Villanueva.</b> <i>Unha estrela</i> .....	22
<b>Rodrigo Cumbraos López.</b> <i>Pedro e a primeira raíña dos romanos</i> .....	23
<b>Paula Domínguez Barreiro.</b> <i>O tesouro da selva</i> .....	24
<b>Huda El Adrani.</b> <i>Os días da semana</i> .....	25
<b>Rocío Fernández Luque.</b> <i>A mellor familia: a miña</i> .....	26
<b>Fabián Freire San Luis.</b> <i>O misterio</i> .....	27
<b>Andrea Galmán García.</b> <i>O magnífico calcetín púrpura</i> .....	28
<b>Rodrigo García Berredo.</b> <i>Os tractores xogadores</i> .....	29
<b>Alfredo García Fernández.</b> <i>A ponte dos cativos</i> .....	30
<b>Iago García Palacios.</b> <i>Os trasnos</i> .....	31

<b>Lucía Gil Fernández.</b> <i>O misterio das sombras</i> .....	32
<b>Marta Gil Fernández.</b> <i>Un misterio por fin resolto</i> .....	33
<b>Marta González González.</b> <i>A voda de Saila, unha voda en palacio</i> .....	34
<b>Sara Ibáñez Pérez.</b> <i>A viaxe submarina</i> .....	35
<b>Noa Iglesias Quinteiros.</b> <i>A princesa aburrída</i> .....	36
<b>Gabriel Iglesias Vicente.</b> <i>Un rapaz con sorte</i> .....	37
<b>Mónica Junquera Ferreiro.</b> <i>A decisión de flor</i> .....	38
<b>Alba Justo Juvino.</b> <i>A viaxe por África</i> .....	39
<b>Daniel Loira Camiña.</b> <i>O máxico camiño a Santiago</i> .....	40
<b>Alba López Filgueira.</b> <i>A verdadeira historia de Carapuchiña Vermella</i> .....	41
<b>Silvia Martín Blanco.</b> <i>Os veráns de Josefín</i> .....	42
<b>Gabriela Nacimiento Abellón.</b> <i>Os catro irmáns</i> .....	43
<b>Mireya Nacimiento Abellón.</b> <i>O rato e a lúa</i> .....	44
<b>Ainoa Otero Navarro.</b> <i>Nos tempos difíciles</i> .....	45
<b>Marina Otero Piñeiro.</b> <i>O peixe de cor marrón</i> .....	46
<b>Laura Ovelleiro Barreiro.</b> <i>Pan e paus</i> .....	47
<b>Lucía Ovelleiro Barreiro.</b> <i>Tamba, o neno soldado</i> .....	48
<b>Andrés Pardo Carballo.</b> <i>O pitiño que non sabía voar</i> .....	49
<b>Óscar Andrés Pérez Hombre.</b> <i>A bruxa branca e o pitiño vermello</i> .....	50
<b>Claudia Rivero Pérez.</b> <i>A leoa romana</i> .....	51
<b>Irai Rodríguez Fernández.</b> <i>A semente que quería ser cenoria</i> .....	52
<b>Raquel Rosales Estévez.</b> <i>O gatiño Tito</i> .....	53
<b>Hugo Ruibal López.</b> <i>A auga</i> .....	54
<b>Jorge Sanmartín Lorenzo.</b> <i>Hispanos versus Romanos</i> .....	55
<b>Laura Vázquez Vázquez.</b> <i>Unha viaxe de pesadelo</i> .....	56
<b>Diego Veiga Pereiro.</b> <i>Dous amigos moi unidos</i> .....	57

CATEGORÍA: Secundaria

<b>Baltar Morgade Lores (gañador).</b> Recordos.....	61
<b>Iria Aboal Díaz.</b> <i>A coroa</i> .....	62
<b>Laura Boullosa Rodríguez.</b> <i>Corazón de xeo</i> .....	63
<b>Isabel Ferradás Piñeiro.</b> <i>Retrato de algo fermoso</i> .....	64
<b>Andrea Galego Outes.</b> <i>O camelo que non tiña chepa</i> .....	65
<b>Fátima García Castiñeira.</b> <i>Noite máxica</i> .....	66
<b>Yolanda García Ferradás.</b> <i>Os vellos tamén se namoran</i> .....	67
<b>Marta García Montojo.</b> <i>De querido a odiado</i> .....	68
<b>Gabriel Gestido Hervés.</b> <i>Falsa esperanza</i> .....	69
<b>Aitana Ojea Couso.</b> <i>Segredo de paxaros</i> .....	70
<b>Elia Pedrosa Vidal.</b> <i>Un misterioso agasallo</i> .....	71
<b>Sofía Pérez-Ardá Rodríguez.</b> <i>Entre lusco e fusco</i> .....	72
<b>Sonia Vidal Bujía.</b> <i>A vida de laura</i> .....	73
<b>Marta Villanueva Santamaría.</b> <i>Se o tempo perdoase</i> .....	74

CATEGORÍA: Bacharelato

<b>M.<sup>a</sup> Guadalupe Castro González (gañadora).</b> <i>Seica</i> .....	77
<b>Jennifer Iglesias Rosillo.</b> <i>O peor pesadelo</i> .....	78
<b>Sara Pazos Martínez.</b> <i>Tempus fugit</i> .....	79
<b>Antonio Rodríguez García.</b> <i>O varredor</i> .....	80
<b>Laura Rodríguez Sampayo.</b> <i>Co soar das chaves</i> .....	81
<b>Mara Senra Rivas.</b> <i>Xurxo</i> .....	82
<b>Elena Varela Molina</b> <i>Toda unha vida xuntos grazas a aquel abril de 1931</i> ...	83
<b>Patricia Viruleg Ocampo.</b> <i>Avelaiña</i> .....	84

CATEGORÍA: Adultos

<b>M.<sup>a</sup> Luisa Costas Rial (gañadora).</b> <i>Vivencias</i> .....	87
<b>M.<sup>a</sup> Del Carmen Barreiro García.</b> <i>O bico</i> .....	88
<b>Isabel Barreiro Quibén.</b> <i>Mágoa</i> .....	89
<b>M.<sup>a</sup> Natividad Berredo Gosende.</b> <i>Chisca e Chispa</i> .....	90
<b>Xosé Adrián Blanco Cortegoso.</b> <i>Gaiotas á terra e mariñeiros a...</i> .....	91
<b>Marina Bugallo Casalderrey.</b> <i>Crecendo</i> .....	92
<b>Elísabet Cadilla Veiga.</b> <i>Porque así o decidín</i> .....	93
<b>M.<sup>a</sup> Dolores Cerviño Escudero.</b> <i>Sabor salgado</i> .....	94
<b>Manuel Fernández García.</b> <i>Monte Casteliño</i> .....	95
<b>Ana Latorre García.</b> <i>Penúltimo Capítulo</i> .....	96
<b>Marisol Martínez Áspera.</b> <i>Normas infrinxidas</i> .....	97
<b>Jone Ojeda Macía.</b> <i>O cheiro de seu recordo</i> .....	98
<b>Zaida Pérez Outeda.</b> <i>O primeiro amor</i> .....	99
<b>Rafael Quintía Pereira.</b> <i>Aquela bóla</i> .....	100
<b>Eva Rodríguez Bravo.</b> <i>A fada sen nome</i> .....	101
<b>Roberto Romero Barreiro.</b> <i>Cousas importantes</i> .....	102
<b>Marta Isabel Sánchez Calderón.</b> <i>Fosforescencia</i> .....	103
<b>Laura Suárez Rodríguez.</b> <i>A castaña que quería ser ourizo</i> .....	104
<b>Fernando Tomé Rodríguez.</b> <i>Friedrichstrabe</i> .....	105
<b>Xerardo Torrado Agulla.</b> <i>Xián, O neno que quería ser superheroe</i> .....	106
<b>Esther Varela Pol.</b> <i>“Souvenirs” da nenez (dende a madurez)</i> .....	107